

Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades

(texto consolidado tras a súa modificación pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril)

TÍTULO PRELIMINAR. DAS FUNCÍONS E A AUTONOMÍA DAS UNIVERSIDADES

- **Artigo 1.** Funcións da universidade
- **Artigo 2.** Autonomía universitaria

TÍTULO I. DA NATUREZA, A CREACIÓN, O RECOÑECIMENTO E O RÉXIME XURÍDICO DAS UNIVERSIDADES

- **Artigo 3.** Natureza
- **Artigo 4.** Creación e recoñecemento
- **Artigo 5.** Creación de universidades privadas e centros universitarios privados
- **Artigo 6.** Réxime xurídico

TÍTULO II. DA ESTRUTURA DAS UNIVERSIDADES

• CAPÍTULO I. DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

- **Artigo 7.** Centros e estruturas
- **Artigo 8.** Escolas e facultades
- **Artigo 9.** Departamentos
- **Artigo 10.** Institutos universitarios de investigación
- **Artigo 11.** Centros de educación superior adscritos a universidades

• CAPÍTULO II. DAS UNIVERSIDADES PRIVADAS

- **Artigo 12.** Estrutura e centros

TÍTULO III. DO GOBERNO E A REPRESENTACIÓN DAS UNIVERSIDADES

• CAPÍTULO I. DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

- **Artigo 13.** Órganos de goberno e representación das universidades públicas
- **Artigo 14.** Consello Social
- **Artigo 15.** Consello de Goberno
- **Artigo 16.** Claustro universitario
- **Artigo 17.** Xunta Consultiva
- **Artigo 18.** Xunta de facultade ou escola
- **Artigo 19.** Consello de departamento
- **Artigo 20.** Reitor/a
- **Artigo 21.** Vicerreitores
- **Artigo 22.** Secretario/a xeral
- **Artigo 23.** Xerente

- **Artigo 24.** Decanos de facultade e directores de escola
- **Artigo 25.** Directores de departamento
- **Artigo 26.** Directores de institutos universitarios de investigación

- **CAPÍTULO II. DAS UNIVERSIDADES PRIVADAS**

- **Artigo 27.** Órganos de goberno e representación das universidades privadas

TÍTULO IV. DA COORDINACIÓN UNIVERSITARIA

- **Artigo 27 bis.** Conferencia Xeral de Política Universitaria
- **Artigo 28.** Consello de Universidades
- **Artigo 29.** Composición do Consello de Universidades
- **Artigo 30.** Organización do Consello de Universidades

TÍTULO V. DA AVALIACIÓN E A ACREDITACIÓN

- **Artigo 31.** Garantía da calidade
- **Artigo 32.** Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación

TÍTULO VI. DAS ENSinANZAS E OS TÍTULOS

- **Artigo 33.** Da función docente
- **Artigo 34.** Títulos universitarios
- **Artigo 35.** Títulos oficiais
- **Artigo 36.** Validación ou adaptación de estudos, validación de experiencia, equivalencia de títulos e homologación de títulos estranxeiros
- **Artigo 37.** Estrutura das ensinanzas oficiais
- **Artigo 38.** Doutoramento

TÍTULO VII. DA INVESTIGACIÓN NA UNIVERSIDADE E A TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO

- **Artigo 39.** A investigación e a transferencia do coñecemento. Funcións da universidade
- **Artigo 40.** A investigación, dereito e deber do profesorado universitario
- **Artigo 41.** Fomento da investigación, o desenvolvemento científico e a innovación tecnolóxica na universidade

TÍTULO VIII. DOS ESTUDANTES

- **Artigo 42.** Acceso á universidade
- **Artigo 43.** Oferta de prazas nas universidades públicas
- **Artigo 44.** Límites máximos de admisión de estudantes
- **Artigo 45.** Bolsas e axudas ao estudo
- **Artigo 46.** Dereitos e deberes dos estudantes

TÍTULO IX. DO PROFESORADO

- **CAPÍTULO I. DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS**

- **Artigo 47.** Persoal docente e investigador
- **SECCIÓN I. DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CONTRATADO**
 - **Artigo 48.** Normas xerais
 - **Artigo 49.** Axudantes
 - **Artigo 50.** Profesores axudantes doutores
 - **Artigo 51.** Profesores colaboradores
 - **Artigo 52.** Profesores contratados doutores
 - **Artigo 53.** Profesores asociados
 - **Artigo 54.** Profesores visitantes
 - **Artigo 54 bis.** Profesores eméritos
 - **Artigo 55.** Retribucións do persoal docente e investigador contratado
- **SECCIÓN II. DO PROFESORADO DOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS**
 - **Artigo 56.** Corpos docentes universitarios
 - **Artigo 57.** Acreditación nacional
 - **Artigo 58.** Habilitación de profesores titulares de escolas universitarias
 - **Artigo 59.** Acreditación para profesores titulares de universidade
 - **Artigo 60.** Acreditación para catedráticos de universidade
 - **Artigo 61.** Persoal de corpos de funcionarios docentes universitarios que ocupen unha praza vinculada aos servizos asistenciais de institucións sanitarias
 - **Artigo 62.** Concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios
 - **Artigo 63.** Convocatoria de concursos
 - **Artigo 64.** Garantías das probas
 - **Artigo 65.** Nomeamentos
 - **Artigo 66.** Comisións de reclamacións
 - **Artigo 67.** Reingreso de excedentes ao servizo activo
 - **Artigo 68.** Réxime de dedicación
 - **Artigo 69.** Retribucións do persoal docente e investigador funcionario
 - **Artigo 70.** Relacións de postos de traballo do profesorado
 - **Artigo 71.** Áreas de coñecemento
- **CAPÍTULO II. DAS UNIVERSIDADES PRIVADAS**
 - **Artigo 72.** Persoal docente e investigador

TÍTULO X. DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

- **Artigo 73.** O persoal de administración e servizos

- **Artigo 74.** Retribucións
- **Artigo 75.** Selección
- **Artigo 76.** Provisión das prazas
- **Artigo 76 bis.** Formación e mobilidade
- **Artigo 77.** Situacións
- **Artigo 78.** Representación e participación

TÍTULO XI. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

- **Artigo 79.** Autonomía económica e financeira
- **Artigo 80.** Patrimonio da universidade
- **Artigo 81.** Programación e orzamento
- **Artigo 82.** Desenvolvemento e execución dos orzamentos
- **Artigo 83.** Colaboración con outras entidades ou persoas físicas
- **Artigo 84.** Creación de fundacións ou outras persoas xurídicas

TÍTULO XII. DOS CENTROS NO ESTRANXEIRO OU QUE IMPARTAN ENSEÑANZAS CONFORME A SISTEMAS EDUCATIVOS ESTRANXEIROS

- **Artigo 85.** Centros no estranxeiro
- **Artigo 86.** Centros que impartan ensinanza conforme a sistemas educativos estranxeiros

TÍTULO XIII. ESPAZO EUROPEO DE ENSINO SUPERIOR

- **Artigo 87.** Da integración no Espazo Europeo de Ensino Superior
- **Artigo 88.** Das ensinanza e os títulos e da mobilidade de estudantes
- **Artigo 89.** Do profesorado
- **Artigo 89 bis.** Do persoal de administración e servizos

TÍTULO XIV. DO DEPORTE E A EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

- **Artigo 90.** Do deporte na universidade
- **Artigo 91.** Coordinación en materia de deporte universitario
- **Artigo 92.** Da cooperación internacional e a solidariedade
- **Artigo 93.** Da cultura universitaria

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Das universidades creadas ou recoñecidas por lei das Cortes Xerais

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Da Universidade Nacional de Educación a Distancia

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCERA. Da Universidade Internacional Menéndez Pelayo

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Das universidades da Igrexa Católica

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Dos colexios maiores e as residencias universitarias

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Doutras centros docentes de educación superior

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Do réxime de concertos entre universidades e institucións sanitarias

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Do modelo de financiamento das universidades públicas

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Dos cambios sobrevidos nas universidades privadas e nos centros de educación superior adscritos a universidades públicas

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. Da mobilidade temporal do persoal das universidades

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO PRIMEIRA. Dos nacionais de estados non-membros da Unión Europea

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEGUNDA. Dos profesores asociados conforme ao artigo 105 da Lei xeral de sanidade

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO TERCEIRA. Da contratación de persoal investigador, científico ou técnico conforme á Lei 13/1986, de 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO CUARTA. Do Valedor Universitario

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO QUINTA. Do acceso aos distintos ciclos dos estudos universitarios

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEXTA. Dos títulos de especialista para profesionais sanitarios

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SÉTIMA. Das actividades deportivas das universidades

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO OITAVA. Das exencións tributarias

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO NOVENA. Das denominacións

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMA. Rexistro de Universidades, Centros e Títulos

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO PRIMERA. Da excepción de clasificación como contratistas ás universidades

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO SEGUNDA. Do réxime da Seguridade Social de profesores asociados, visitantes e eméritos

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO TERCEIRA. Da alta inspección do Estado

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO CUARTA. Da inclusión das persoas con minusvalía nas universidades

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO QUINTA. Do acceso á universidade dos maiores de vinte e cinco anos e dos titulados de formación profesional

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO SEXTA. Da participación do persoal das escalas do Consello Superior de Investigacións Científicas nas comisións de habilitación

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO SÉTIMA. Da incorporación de profesores doutros niveis educativos á universidade

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO OITAVA. Disponibilidades económicas

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO NOVENA. Funcións de titoría

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. Da constitución do Consello de Coordinación Universitaria

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Do Claustro universitario, do/a reitor/a e da aprobación dos estatutos das universidades públicas

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Da adaptación das universidades privadas á presente lei

DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA. Profesores con contrato administrativo LRU

DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA. Dos actuais profesores asociados

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA. Dos mestres de taller ou laboratorio e capataces de escolas técnicas

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SÉTIMA. Dos profesores numerarios de escolas oficiais de náutica

DISPOSICIÓN TRANSITORIA OITAVA. Da aplicación das normas establecidas para a habilitación e para os concursos de acceso para prover prazas dos corpos de funcionarios docentes

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. Derrogación normativa

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Título competencial

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Modificación da Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. Carácter de lei orgánica da presente lei

DISPOSICIÓN FINAL QUINTA. Entrada en vigor

TÍTULO PRELIMINAR

DAS FUNCIÓNS E A AUTONOMÍA DAS UNIVERSIDADES

Artigo 1. Funcións da universidade.

1. A universidade realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo.
2. Son funcións da universidade ao servizo da sociedade:
 - a. A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, a técnica e a cultura.
 - b. A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos, así como tamén para a creación artística.
 - c. A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, a calidade de vida e o desenvolvemento económico.
 - d. A difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e, así mesmo, a formación ao longo de toda a vida.

Artigo 2. Autonomía universitaria.

1. As universidades están dotadas de personalidade xurídica e desenvolven as súas funcións en réxime de autonomía e coordinación entre todas elas.

As universidades privadas terán personalidade xurídica propia e adoptarán algunha das formas admitidas en dereito.

O seu obxecto social exclusivo será a educación superior mediante a realización das funcións a que se refire a epígrafe 2 do artigo 1.

2. Nos termos da presente lei, a autonomía das universidades comprende:
 - a. A elaboración dos seus estatutos e, no caso das universidades privadas, das súas propias normas de organización e funcionamento, así como das demais normas de réxime interno.
 - b. A elección, designación e remoción dos correspondentes órganos de goberno e representación.
 - c. A creación de estruturas específicas que actúen como soportes da investigación e a docencia.
 - d. A elaboración e aprobación de plans de estudo e investigación, así como de ensinanzas específicas de formación ao longo de toda a vida.
 - e. A selección, formación e promoción do persoal docente e investigador e de administración e servizos, así como a determinación das condicións en que han desenvolver as súas actividades.
 - f. A admisión, réxime de permanencia e verificación de coñecementos dos estudantes.
 - g. A expedición dos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como dos seus diplomas e títulos propios.
 - h. A elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos e a administración dos seus bens.
 - i. O establecemento e a modificación das súas relacións de postos de traballo.
 - l. O establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e o desenvolvemento dos seus fins institucionais.
 - m. Calquera outra competencia necesaria para o axeitado cumprimento das funcións sinaladas na epígrafe 2 do artigo 1.

3. A actividade da universidade, así como a súa autonomía, fundaméntase no principio de liberdade académica, que se manifesta nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo.
4. A autonomía universitaria esixe e fai posible que docentes, investigadores e estudantes cumpran coas súas respectivas responsabilidades para satisfacer as necesidades educativas, científicas e profesionais da sociedade, así como que as universidades lle rendan contas do uso dos seus medios e recursos á sociedade.
5. Sen prexuízo das funcións atribuídas á Conferencia Xeral de Política Universitaria, correspóndenlle a cada comunidade autónoma as tarefas de coordinación das universidades da súa competencia.

TÍTULO I

DA NATUREZA, A CREACIÓN, O RECOÑECIMENTO E O RÉXIME XURÍDICO DAS UNIVERSIDADES

Artigo 3. Natureza.

1. Son universidades públicas as institucións creadas polos órganos lexislativos a que se refire a epígrafe 1 do artigo 4 e que realicen todas as funcións establecidas na epígrafe 2 do artigo 1.
2. Son universidades privadas as institucións que non estean comprendidas na epígrafe anterior recoñecidas como tales nos termos desta lei e que realicen todas as funcións establecidas na epígrafe 2 do artigo 1.

Artigo 4. Creación e recoñecemento.

1. A creación de universidades públicas e o recoñecemento das universidades privadas levarase a cabo:
 - a. Por lei da asemblea lexislativa da comunidade autónoma no ámbito territorial da cal vaian establecerse.
 - b. Por lei das Cortes Xerais, por proposta do Goberno, de acordo co Consello de Goberno da comunidade autónoma no ámbito territorial da cal vaian establecerse.
2. Para a creación de universidades públicas será preceptivo o informe previo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, no marco da programación xeral do ensino universitario.
3. Para garantir a calidade da docencia e a investigación e, en xeral, do conxunto do sistema universitario, o Goberno, logo de informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, determinará con carácter xeral os requisitos básicos para a creación e o recoñecemento de universidades. Os mencionados requisitos considerarán os medios e recursos axeitados para que as universidades cumpran as funcións a que se refire a epígrafe 2 do artigo 1.

As universidades poderán impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas modalidades presencial e non-presencial; neste último caso, de xeito exclusivo ou parcial. No suposto do ensino non-presencial, e no marco do establecido no parágrafo anterior, adecuaranse as previsións da presente lei ás especificidades desta modalidade.

4. O comezo das actividades das universidades será autorizado polo órgano competente da comunidade autónoma, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos sinalados na epígrafe anterior e do previsto na lei de creación.

As universidades deberán manter en funcionamento os seus centros e ensinanzas durante o prazo mínimo que resulte da aplicación das normas xerais que se diten en desenvolvemento dos artigos 34 e 35.

5. Para o recoñecemento das universidades privadas, que terá carácter constitutivo, será preceptivo o informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria no marco da programación xeral do ensino universitario. O disposto nas epígrafes 3 e 4 anteriores será de aplicación analogamente ás universidades privadas.

Artigo 5. Creación de universidades privadas e centros universitarios privados.

1. En virtude do establecido na epígrafe 6 do artigo 27 da Constitución, as persoas físicas ou xurídicas poderán crear universidades privadas ou centros universitarios privados, dentro do respecto aos principios constitucionais e con sometemento ao disposto nesta lei e nas normas que, no seu desenvolvemento, diten o Estado e as comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Non poderá crear as devanditas universidades ou os devanditos centros universitarios quen preste servizos nunha administración educativa, teña antecedentes penais por delitos dolosos ou fose sancionado administrativamente con carácter firme por unha infracción grave en materia educativa ou profesional.

Entenderanse incursas nesta prohibición as persoas xurídicas cuxos administradores, representantes ou cargos reitores, vixente a súa representación ou designación, ou cuxos fundadores, promotores ou titulares dun 20% ou máis do seu capital, en por si ou por persoa interposta, se atopen nalgunha das circunstancias previstas no parágrafo precedente.

3. A realización de actos e negocios xurídicos que modifiquen a personalidade xurídica ou a estrutura da universidade privada, ou que impliquen a transmisión ou cesión *inter vivos* total ou parcial, a título oneroso ou gratuíto, da titularidade directa ou indirecta que as persoas físicas ou xurídicas teñan sobre as universidades privadas ou centros universitarios privados adscritos a universidades públicas, deberá serlle previamente comunicada á comunidade autónoma. Esta, no prazo que determine con carácter xeral, poderá denegar a súa conformidade.

A denegación deberá fundarse no incumprimento do previsto nas epígrafes anteriores deste artigo ou na insuficiencia de garantías para o cumprimento dos compromisos adquiridos ao se solicitar o recoñecemento da universidade, ou no convenio de adscrición do centro privado a unha universidade pública.

Nos supostos de cambio de titularidade, o/a novo/a titular quedará subrogado/a en todos os dereitos e todas as obrigas do/a titular anterior.

A infracción do previsto nos parágrafos anteriores suporá unha modificación das condicións esenciais do recoñecemento ou a aprobación da adscrición, e poderá ser causa da súa revogación.

4. Os centros universitarios privados deberán estar ben integrados nunha universidade privada, como centros propios desta, ben adscritos a unha universidade pública ou privada.

Artigo 6. Réxime xurídico.

1. As universidades rexeranse pola presente lei e polas normas que diten o Estado e as comunidades autónomas no exercicio das súas respectivas competencias.

2. As universidades públicas rexeranse, ademais, pola súa lei de creación e polos seus estatutos, que serán elaborados por elas e, logo do seu control de legalidade, aprobados polo Consello de Goberno da comunidade autónoma correspondente. De existiren reparos de legalidade, as universidades deberán emendalos, de acordo co procedemento previsto nos seus estatutos, e sometelos de novo á aprobación polo goberno da comunidade autónoma.

En defecto de prazo distinto establecido pola comunidade autónoma, o proxecto de estatutos entenderase aprobado se transcorridos tres meses desde a data da súa presentación ao citado consello de goberno non recaese resolución expresa.

Unha vez aprobados, os estatutos entrarán en vigor a partir da súa publicación no boletín oficial da comunidade autónoma. Así mesmo, serán publicados no *Boletín Oficial do Estado*.

Os poderes públicos e as universidades, a través dos seus estatutos, establecerán mecanismos para que nos procesos de acollida dos diferentes membros da comunidade universitaria se favoreza o coñecemento suficiente das linguas cooficiais.

3. As universidades públicas organizaranse de forma que, nos termos da presente lei, nos seus órganos de goberno e de representación quede asegurada a representación dos diferentes sectores da comunidade universitaria.

4. Nas universidades públicas, as resolucións do/a reitor/a e os acordos do Consello Social, do Consello de Goberno e do Claustro universitario esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. As universidades privadas rexeranse polas normas a que se refire a epígrafe 1 anterior, polo seu recoñecemento e polas súas propias normas de organización e funcionamento. Estas incluírán as previsións derivadas do disposto na epígrafe 2 do artigo 2, así como o carácter propio da universidade, se proceder. Ás universidades privadas tamén lles serán de aplicación as normas correspondentes á clase de personalidade xurídica adoptada.

As normas de organización e funcionamento das universidades privadas serán elaboradas e aprobadas por elas mesmas, con suxeición, en calquera caso, aos principios constitucionais, e con garantía efectiva do principio de liberdade académica manifestada nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo. O réxime da súa aprobación será o previsto na epígrafe 2 anterior.

As universidades privadas organizaranse de forma que quede asegurada, mediante unha axeitada participación da comunidade universitaria, a vixencia efectiva nelas dos principios e as liberdades a que fai referencia o parágrafo anterior.

TÍTULO II

DA ESTRUCTURA DAS UNIVERSIDADES

CAPÍTULO I

DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

Artigo 7. Centros e estruturas.

As universidades públicas estarán integradas por escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación e aqueles outros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións.

Artigo 8. Escolas e facultades.

1. As escolas e facultades son os centros encargados da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión que conducen á obtención de títulos de grao. Poderán impartir tamén ensinanzas conducentes á obtención doutros títulos, así como levar a cabo aquelas outras funcións que determine a universidade.

2. A creación, modificación e supresión dos devanditos centros, así como a implantación e supresión das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, de conformidade co disposto no artigo 35, serán acordadas pola comunidade autónoma, ben pola súa propia iniciativa, co acordo do Consello de Goberno da universidade, ben por iniciativa da universidade mediante proposta do Consello de Goberno, en ambos os dous casos logo do informe previo favorable do Consello Social.

3. Do sinalado na epígrafe anterior será informada a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Artigo 9. Departamentos.

1. Os departamentos son as unidades de docencia e investigación encargadas de coordinar as ensinanzas dun ou varios ámbitos do coñecemento, nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da universidade, así como de apoiar as actividades e iniciativas docentes e investigadoras do profesorado e de exercer aquelas outras funcións que foren determinadas polos estatutos.

2. A creación, modificación e supresión de departamentos correspóndelle á universidade, conforme aos seus estatutos.

Artigo 10. Institutos universitarios de investigación.

1. Os institutos universitarios de investigación son centros dedicados ben á investigación científica e técnica, ben á creación artística. Poderán organizar e desenvolver programas e estudos de doutoramento e de posgrao segundo os procedementos previstos nos estatutos, e proporcionar asesoramento técnico no ámbito das súas competencias.

Os institutos universitarios de investigación rexeranse pola presente lei, polos estatutos, polo convenio de creación ou de adscrición, de ser o caso, e polas súas propias normas.

2. Os institutos universitarios de investigación poderán ser constituídos por unha ou máis universidades, ou conxuntamente con outras entidades públicas ou privadas mediante convenios ou outras formas de cooperación, de conformidade cos estatutos.

Así mesmo, as universidades, conxuntamente cos organismos públicos de investigación, os centros do Sistema Nacional de Saúde e outros centros de investigación públicos ou privados sen ánimo de lucro, promovidos e participados por unha administración pública, poderán constituír institutos mixtos de investigación. Para estes efectos, e de acordo co que establezan os estatutos das universidades, o persoal docente e investigador poderá ser adscrito aos citados institutos mixtos de investigación.

3. Para a creación e supresión dos institutos universitarios de investigación haberá que aterse ao disposto na epígrafe 2 do artigo 8.

4. Mediante convenio, poderán adscribirse a universidades públicas, como institutos universitarios de investigación, institucións ou centros de investigación de carácter público ou privado. A aprobación da adscrición ou, de ser o caso, da desadscrición correspóndelle á comunidade autónoma, ben por propia iniciativa, con acordo do Consello de Goberno da universidade e logo do informe favorable do Consello Social, ben por iniciativa da universidade mediante proposta do Consello de Goberno, logo do informe previo favorable do Consello Social.

Do sinalado no parágrafo anterior será informada a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Artigo 11. Centros de educación superior adscritos a universidades.

1. A adscrición mediante convenio a unha universidade pública de centros docentes de titularidade pública ou privada, para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, requirirá a aprobación da comunidade autónoma, por proposta do Consello de Goberno da universidade, logo do informe favorable do seu Consello Social.

A adscrición mediante convenio a unha universidade privada de centros docentes de titularidade privada, para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, requirirá a aprobación da comunidade autónoma, por proposta da universidade.

2. Os centros adscritos deberán estar establecidos no ámbito territorial da correspondente comunidade autónoma, ou contar, así mesmo, coa aprobación daquela en que estiveren situados.

3. Os centros adscritos a unha universidade rexeranse polo disposto nesta lei; polas normas ditadas polo Estado e as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias; polo convenio de adscrición e

polas súas propias normas de organización e funcionamento. O comezo das actividades dos centros adscritos será autorizado pola comunidade autónoma.

4. O Goberno, en cumprimento do disposto no artigo 4.3, establecerá os requisitos básicos que deberán cumprir os centros adscritos.

5. Do sinalado nas epígrafes 1 e 2 será informada a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

CAPÍTULO II

DAS UNIVERSIDADES PRIVADAS

Artigo 12. Estrutura e centros.

1. A estrutura das universidades privadas axustarase ao establecido no capítulo I deste título, entendendo referidas ás normas de organización e funcionamento das universidades privadas as mencións que nel se efectúen aos estatutos das universidades públicas.

2. O recoñecemento da creación, modificación e supresión nas universidades privadas dos centros a que se refire a epígrafe 1 do artigo 8, así como da implantación e supresión nelas de ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, efectuarase por proposta da universidade nos termos previstos no capítulo I deste título.

TÍTULO III

DO GOBERNO E A REPRESENTACIÓN DAS UNIVERSIDADES

CAPÍTULO I

DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

Artigo 13. Órganos de goberno e representación das universidades públicas.

Os estatutos das universidades públicas establecerán, cando menos, os seguintes órganos:

- a. Colexiados: Consello Social, Consello de Goberno, Claustro universitario, xuntas de escola e facultade e consellos de departamento.
- b. Unipersoais: reitor/a, vicerreitores, secretario/a xeral, xerente, decanos de facultades, directores de escolas, de departamentos e de institutos universitarios de investigación.

A elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria no Claustro universitario, nas xuntas de facultade ou escola e nos consellos de departamento realizarase mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto en cada un deles.

Os estatutos establecerán as normas electorais aplicables, as cales deberán propiciar a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos colexiados.

Artigo 14. Consello Social.

1. O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na universidade, e debe exercer como elemento de interrelación entre a sociedade e a universidade.

2. Correspóndelle ao Consello Social a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos, así como promover a colaboración da sociedade no financiamento da universidade. Para tal fin, aprobará un plan anual de actuacións destinado a promover as relacións entre a universidade e o seu ámbito cultural, profesional, económico e social ao servizo da calidade da actividade

universitaria. Os consellos sociais poderán dispoñer da oportuna información e asesoramento dos órganos de avaliación das comunidades autónomas e da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.

Así mesmo, correspóndelle a aprobación do orzamento e da programación plurianual da universidade, por proposta do Consello de Goberno. Ademais, con carácter previo ao trámite de render contas a que se refiren os artigos 81 e 84, correspóndelle aprobar as contas anuais da universidade e as das entidades que dela poidan depender, sen prexuízo da lexislación mercantil ou outra a que as devanditas entidades poidan estar sometidas en función da súa personalidade xurídica.

3. A lei da comunidade autónoma regulará a composición e as funcións do Consello Social, así como a designación dos seus membros entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social, que non poderán ser membros da propia comunidade universitaria. Serán, no entanto, membros do Consello Social, o/a reitor/a, o/a secretario/a xeral e o/a xerente, así como un membro do profesorado, un membro do estudantado e un representante do persoal de administración e servizos elixidos polo Consello de Goberno entre os seus membros. O presidente do Consello Social será nomeado pola comunidade autónoma na forma que determine a lei respectiva.

4. O Consello Social, para o axeitado cumprimento das súas funcións, disporá dunha organización de apoio e de recursos suficientes.

Artigo 15. Consello de Goberno.

1. O Consello de Goberno é o órgano de goberno da universidade. Establece as liñas estratéxicas e programáticas da universidade, así como as directrices e os procedementos para a súa aplicación, nos ámbitos da organización das ensinanzas, a investigación, os recursos humanos e económicos e a elaboración dos orzamentos, e exerce as funcións previstas nesta lei e as que estableceren os estatutos.

2. O Consello de Goberno estará constituído polo/a reitor/a, que o presidirá, o/a secretario/a xeral, o/a xerente e por un máximo de 50 membros. Formarán parte del os vicerreitores, unha representación da comunidade universitaria que reflecta a composición dos distintos sectores existentes no Claustro e unha representación dos decanos e directores, segundo estableceren os estatutos. Ademais, cando así o determinen os estatutos, poderán ser membros do Consello de Goberno até un máximo de tres membros do Consello Social que non pertencen á propia comunidade universitaria.

Artigo 16. Claustro universitario.

1. O Claustro universitario é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria.

Estará formado polo/a reitor/a, que o presidirá, o/a secretario/a xeral, o/a xerente e un máximo de 300 membros. Correspóndelle a elaboración dos estatutos, a elección do/a reitor/a, de ser o caso, e as demais funcións que lle atribúe esta lei.

2. Calquera que for a forma de elección, o Claustro poderá convocar, con carácter extraordinario, eleccións á Reitoría por iniciativa dun terzo dos seus compoñentes e coa aprobación de dous terzos.

A aprobación da iniciativa levará consigo a disolución do Claustro e o cesamento do/a reitor/a, que continuará en funcións até a toma de posesión do/a novo/a reitor/a. O procedemento será establecido polos estatutos. Se a iniciativa non for aprobada, ningún dos seus signatarios poderá participar na presentación doutra iniciativa deste carácter até pasado un ano desde a súa votación.

3. Os estatutos regularán a composición e duración do mandato do Claustro, en que estarán representados os distintos sectores da comunidade universitaria. En calquera caso, a maioría dos seus membros serán profesores doutores con vinculación permanente á universidade.

4. As eleccións de representantes do Claustro no Consello de Goberno serán levadas a cabo por e entre os propios membros de cada un dos sectores elixibles.

Artigo 17. Xunta Consultiva.

Sen contido

Artigo 18. Xunta de facultade ou escola.

A xunta de facultade ou escola, presidida polo/a decano/a ou director/a, é o órgano de goberno desta. A composición e o procedemento de elección dos seus membros serán determinados polos estatutos. En calquera caso, a maioría dos seus membros serán profesores con vinculación permanente á universidade.

Artigo 19. Consello de departamento.

O consello de departamento, presidido polo/a director/a, é o seu órgano de goberno. Estará integrado polos doutores membros do departamento, así como por unha representación do resto do persoal docente e investigador non-doutor na forma que determinen os estatutos. En calquera caso, os estatutos garantirán a presenza dunha representación dos estudantes e do persoal de administración e servizos.

Artigo 20. Reitor/a.

1. O/A reitor/a é a máxima autoridade académica da universidade e exerce a representación desta. Exerce a dirección, o goberno e a xestión da universidade, desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados correspondentes e executa os seus acordos. Correspóndenlle cantas competencias non lles foren expresamente atribuídas a outros órganos.

2. O/A reitor/a será elixido/a polo Claustro ou pola comunidade universitaria mediante elección directa e sufraxio universal, segundo indiquen os estatutos de cada universidade, entre funcionarios en activo do corpo de catedráticos de universidade que presten servizos nela. Os estatutos regularán tamén o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos da súa substitución no caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

No caso de que a elección do/a reitor/a lle corresponda ao Claustro, para ser proclamado reitor/a será necesario que un/unha candidato/a obteña na primeira votación máis da metade dos votos a candidaturas emitidos validamente. Se ningún candidato a alcanzar, procederase a unha segunda votación a que só poderán concorrer os dous candidatos con maior número de votos na primeira, e será elixido/a reitor/a o/a candidato/a que obteña máis votos.

O/A reitor/a será nomeado/a polo órgano correspondente da comunidade autónoma.

3. No caso de os estatutos estableceren a elección do/a reitor/a pola comunidade universitaria, o voto será ponderado polos distintos sectores da comunidade universitaria. En calquera caso, a maioría corresponderalles aos profesores doutores con vinculación permanente á universidade.

En cada proceso electoral, a comisión electoral ou o órgano que estatutariamente se establecer determinará, logo do escrutinio dos votos, os coeficientes de ponderación que corresponderá aplicarlle ao voto a candidaturas validamente emitido en cada sector, para o efecto de lle dar o seu correspondente valor en atención ás porcentaxes que se fixasen neses mesmos estatutos, respectando sempre o mínimo establecido no parágrafo anterior.

Será proclamado/a reitor/a, na primeira volta, o/a candidato/a que logre o apoio proporcional de máis da metade dos votos a candidaturas validamente emitidos, unha vez feitas e aplicadas as ponderacións contempladas nesta epígrafe e concretadas polos estatutos. De ningún candidato o alcanzar, procederase a unha segunda votación á cal só poderán concorrer os dous candidatos máis apoiados na primeira, tendo en conta as citadas ponderacións. Na segunda volta será proclamado/a o/a candidato/a que obteña a maioría simple de votos, atendendo a esas mesmas ponderacións.

No suposto dunha soa candidatura unicamente se celebrará a primeira volta.

Artigo 21. Vicerreitores.

O/A reitor poderá nomear vicerreitores entre os profesores doutores que presten servizos na universidade.

Artigo 22. Secretario/a xeral.

O/A secretario/a xeral, que será nomeado polo/a reitor/a entre funcionarios públicos que presten servizos na universidade e pertencen a corpos para o ingreso nos cales se esixa estar en posesión do título de doutor/a, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente, serao/a tamén do Consello de Goberno.

Artigo 23. Xerente.

Ao/Á xerente correspóndelle a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade. Será proposto/a polo/a reitor/a e nomeado/a por este/a de acordo co Consello Social, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia. O/A xerente non poderá exercer funcións docentes.

Artigo 24. Decanos de facultade e directores de escola.

Os decanos de facultade e directores de escola exercen a representación dos seus centros e desempeñan as funcións de dirección e xestión ordinaria destes. Serán elixidos, nos termos establecidos polos estatutos, entre os profesores con vinculación permanente á universidade.

Artigo 25. Directores de departamento.

Os directores de departamento exercen a representación deste e desempeñan as funcións de dirección e xestión ordinaria do departamento. Serán elixidos polo consello de departamento, nos termos establecidos polos estatutos, entre os profesores doutores con vinculación permanente á universidade.

Artigo 26. Directores de institutos universitarios de investigación.

Os directores de institutos universitarios de investigación exercen a súa representación e desempeñan as funcións de dirección e xestión ordinaria destes. Serán designados entre doutores, na forma que establezan os estatutos.

Nos institutos universitarios de investigación adscritos a universidades públicas haberá que aterse ao disposto no convenio de adscrición.

CAPÍTULO II

DAS UNIVERSIDADES PRIVADAS

Artigo 27. Órganos de goberno e representación das universidades privadas.

1. As normas de organización e funcionamento das universidades privadas establecerán os seus órganos de goberno e representación, así como os procedementos para a súa designación e remoción, e asegurarán nos devanditos órganos, mediante unha participación axeitada, a representación dos diferentes sectores da comunidade universitaria de forma que se propicie a presenza equilibrada de mulleres e homes. En calquera caso, as normas de organización e funcionamento das universidades privadas deberán garantir que as decisións de natureza estritamente académica sexan adoptadas por órganos en que o persoal docente ou investigador teña unha representación maioritaria. Igualmente, deberán garantir que o persoal docente ou investigador sexa oído no nomeamento do/a reitor/a.

2. Os órganos unipersoais de goberno das universidades privadas terán idéntica denominación á establecida para os das universidades públicas, e os seus titulares deberán estar en posesión do título de doutor/a cando así se esixir para os mesmos órganos daquelas.

TÍTULO IV

DA COORDINACIÓN UNIVERSITARIA

Artigo 27 bis. Conferencia Xeral de Política Universitaria.

1. A Conferencia Xeral de Política Universitaria, sen prexuízo das funcións atribuídas aos órganos de coordinación universitaria das comunidades autónomas, é o órgano de concertación, coordinación e cooperación da política xeral universitaria. Correspóndenlle as funcións de:

- a. Establecer e valorar as liñas xerais de política universitaria, a súa articulación no Espazo Europeo de Ensino Superior e a súa interrelación coas políticas de investigación científica e tecnolóxica.
- b. Planificar, informar, consultar e dar asesoramento sobre a programación xeral e plurianual do ensino universitario, que comprende os recursos humanos, materiais e financeiros precisos para a prestación do servizo público universitario.
- c. Aprobar os criterios de coordinación sobre as actividades de avaliación, certificación e acreditación reguladas no título V.
- d. Propoñer e valorar medidas para impulsar a colaboración entre a universidade e as empresas.
- e. Coordinar a elaboración e o seguimento de informes sobre a aplicación do principio de igualdade de mulleres e homes na universidade.

No desenvolvemento das súas funcións, poderá propoñer que se soliciten informes ou estudos do Consello Económico e Social.

2. Cada dous anos, a Conferencia Xeral de Política Universitaria elaborará un informe sobre a situación do sistema universitario e o seu financiamento, e formulará propostas que permitan mellorar a súa calidade e a súa eficiencia, asegurar a súa suficiencia financeira e garantirles aos cidadáns as condicións de igualdade no exercicio do dereito á educación.

3. Baixo a presidencia dunha persoa titular do departamento ministerial que teña atribuídas as competencias en materia de universidades, estará composta polos responsables do ensino universitario nos consellos de goberno das comunidades autónomas e por cinco membros designados polo presidente da Conferencia.

4. A organización e o funcionamento da Conferencia estableceranse no seu regulamento interno.

Artigo 28. Consello de Universidades.

O Consello de Universidades é o órgano de coordinación académica, así como de cooperación, consulta e proposta en materia universitaria. Correspóndenlle as seguintes funcións, que desenvolve con plena autonomía funcional:

- a. Servir de canle para a colaboración, a cooperación e a coordinación no ámbito académico.
- b. Informar das disposicións legais e regulamentarias que lle afectan ao sistema universitario no seu conxunto.
- c. Prestar o asesoramento que en materia universitaria for requirido polo Ministerio de Educación e Ciencia, a Conferencia Xeral de Política Universitaria ou, de ser o caso, polas comunidades autónomas.
- d. Formularlle propostas ao Goberno, en materias relativas ao sistema universitario e á Conferencia Xeral de Política Universitaria.
- e. Verificar a adecuación dos plans de estudos ás directrices e condicións establecidas polo Goberno para os títulos oficiais.

- f. Desenvolver cantas outras tarefas lle encomendaren as leis e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 29. Composición do Consello de Universidades.

O Consello de Universidades será presidido polo titular do ministerio competente en materia de universidades e estará composto polos seguintes vogais:

- a. Os reitores das universidades.
- b. Cinco membros designados polo presidente do Consello.

Artigo 30. Organización do Consello de Universidades.

1. O Consello de Universidades funcionará en pleno e en comisións.
2. O Pleno, presidido polo presidente do Consello de Universidades ou polo membro en quen delegar, terá as seguintes funcións: elaborar o regulamento do Consello e trasladarlllo ao ministro competente en materia de universidades para a súa aprobación polo Goberno; propoñer, de ser o caso, as súas modificacións; informar dos criterios de coordinación sobre as actividades de avaliación, certificación e acreditación reguladas no título V; elaborar a memoria anual do Consello e aquelas outras que se determinaren no seu regulamento.
3. Os distintos órganos do Consello de Universidades poderán contar para o desenvolvemento do seu traballo coa colaboración de expertos nas materias que lle son propias. A vinculación destes expertos co Consello de Universidades poderá ter un carácter permanente ou temporal, de acordo co que dispuxer o seu regulamento.
4. Nos asuntos que lle afecten en exclusiva ao sistema universitario público terán dereito a voto o presidente do Consello, os reitores das universidades públicas e os cinco membros do Consello designados polo presidente.

TÍTULO V

DA AVALIACIÓN E A ACREDITACIÓN

Artigo 31. Garantía da calidade.

1. A promoción e a garantía da calidade das universidades españolas, nos ámbitos nacional e internacional, é un fin esencial da política universitaria e ten como obxectivos:
 - a. A medición do rendemento do servizo público da educación superior universitaria e a rendición de contas á sociedade.
 - b. A transparencia, a comparación, a cooperación e a competitividade das universidades nos ámbitos nacional e internacional.
 - c. A mellora da actividade docente e investigadora e da xestión das universidades.
 - d. A información ás administracións públicas para a toma de decisións no ámbito das súas competencias.
 - e. A información á sociedade para fomentar a excelencia e a mobilidade de estudantes e profesores.
2. Os obxectivos sinalados na epígrafe anterior cumpriranse mediante o establecemento de criterios comúns de garantía da calidade que faciliten a avaliación, a certificación e a acreditación de:
 - a. As ensinanzas que conducen á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

- b. As ensinanzas que conducen á obtención de diplomas e títulos propios das universidades e centros de educación superior.
- c. As actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario.
- d. As actividades, os programas, os servizos e a xestión dos centros e institucións de educación superior.
- e. Outras actividades e programas que poidan realizarse como consecuencia do fomento da calidade da docencia e da investigación por parte das administracións públicas.

3. As funcións de avaliación, e as conducentes á certificación e á acreditación a que se refire a epígrafe anterior, correspóndenlle á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e aos órganos de avaliación que as comunidades autónomas determinen, no ámbito das súas respectivas competencias, sen prexuízo das que desenvolvan outras axencias de avaliación do Estado ou das comunidades autónomas.

Para tal fin, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e os órganos de avaliación creados por lei das comunidades autónomas, de acordo con estándares internacionais de calidade, establecerán mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo. A Conferencia Xeral de Política Universitaria informará da súa regulación e proporalla ao Goberno, para os efectos de garantir o cumprimento dos obxectivos sinalados nas epígrafes anteriores.

4. O Goberno, logo de informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, regulará as condicións para que as universidades sometan a avaliación e seguimento o desenvolvemento efectivo das ensinanzas oficiais, así como o procedemento para a súa acreditación.

Artigo 32. Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.

1. Autorízase a creación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, de acordo coas previsións da Lei de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos. Correspóndenlle as funcións que lle atribúe a presente lei e a de remitirlles informes sobre o desenvolvemento dos procesos de avaliación, certificación e acreditación en España ao ministerio competente en materia de universidades e ao Consello de Universidades, para cuxos efectos poderá solicitar e prestar colaboración aos órganos de avaliación que, de ser o caso, existan nas comunidades autónomas.

2. A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación desenvolverá a súa actividade de acordo cos principios de competencia técnica e científica, legalidade e seguridade xurídica, independencia e transparencia, atendendo aos criterios de actuación usuais destas institucións no ámbito internacional.

TÍTULO VI

DAS ENSEINANZAS E OS TÍTULOS

Artigo 33. Da función docente.

1. As ensinanzas para o exercicio de profesións que requiren coñecementos científicos, técnicos ou artísticos, e a transmisión da cultura son misións esenciais da universidade.

2. A docencia é un dereito e un deber dos profesores das universidades, que exercerán con liberdade de cátedra, sen máis límites ca os establecidos na Constitución e nas leis, e os derivados da organización das ensinanzas nas súas universidades.

3. A actividade e a dedicación docente, así como a formación do persoal docente das universidades, serán criterios relevantes, atendida a súa oportuna avaliación, para determinar a súa eficiencia no desenvolvemento da actividade profesional.

Artigo 34. Títulos universitarios.

1. As universidades impartirán ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional, e poderán impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros títulos.
2. Os títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional deberán inscribirse no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos previsto na disposición adicional vixésima. Poderán inscribirse outros títulos para os efectos informativos. O Goberno regulará o procedemento e as condicións para a súa inscrición.

Artigo 35. Títulos oficiais.

1. O Goberno establecerá as directrices e condicións para a obtención dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que serán expedidos en nome do Rei polo/a reitor/a da universidade.
2. Para impartir ensinanzas oficiais e expedir os correspondentes títulos oficiais, con validez en todo o territorio nacional, as universidades deberán posuír a autorización pertinente da comunidade autónoma, segundo o disposto na súa lexislación e o previsto no artigo 8 desta lei, así como obter a verificación do Consello de Universidades de que o correspondente plan de estudos se axusta ás directrices e condicións establecidas polo Goberno. O procedemento deberá preservar a autonomía académica das universidades.
3. Tras a autorización da comunidade autónoma e a verificación do plan de estudos que outorgue o Consello de Universidades, o Goberno establecerá o carácter oficial do título e ordenará a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.
4. Unha vez que o Goberno aprobe o carácter oficial do devandito título, o/a reitor/a ordenará publicar o plan de estudos no *Boletín Oficial do Estado* e no diario oficial da comunidade autónoma.

Artigo 36. Validación ou adaptación de estudos, validación de experiencia, equivalencia de títulos e homologación de títulos estranxeiros.

O Goberno, logo de informe do Consello de Universidades, regulará:

- a. Os criterios xerais a que haberán axustarse as universidades en materia de validación e adaptación de estudos cursados en centros académicos españois ou estranxeiros.
- b. As condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non-universitario daqueles a que se refire o artigo 35.
- c. As condicións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior.
- d. As condicións para validar, para os efectos académicos, a experiencia laboral ou profesional.
- e. O réxime de validacións entre os estudos universitarios e as outras ensinanzas de educación superior a que se refire o artigo 3.5 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Artigo 37. Estrutura das ensinanzas oficiais.

As ensinanzas universitarias estruturaránse en tres ciclos: grao, mestrado e doutoramento. A súa superación dará dereito, nos termos que establecer o Goberno, logo do informe do Consello de Universidades, á obtención dos títulos oficiais correspondentes.

Artigo 38. Doutoramento.

Os estudos de doutoramento, conducentes á obtención do correspondente título de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación investigadora dentro dun ámbito do coñecemento científico, técnico, humanístico ou artístico, organizaránse e realizaránse na forma que determinen os estatutos, de acordo cos criterios que para a obtención do título de

doutor/a aprobe o Goberno, logo do informe do Consello de Universidades. En calquera caso, estes criterios incluírán a superación dun período de formación e a elaboración, presentación e aprobación dun traballo orixinal de investigación.

TÍTULO VII

DA INVESTIGACIÓN NA UNIVERSIDADE E A TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO

Artigo 39. A investigación e a transferencia do coñecemento. Funcións da universidade.

1. A investigación científica é un fundamento esencial da docencia e unha ferramenta básica para o desenvolvemento social a través da transferencia dos seus resultados á sociedade. Como tal, constitúe unha función primordial da universidade, que deriva do seu papel clave na xeración de coñecemento e da súa capacidade de estimular e xerar pensamento crítico, a clave de todo proceso científico.
2. Recoñécese e garántese a liberdade de investigación no ámbito universitario.
3. A universidade ten como un dos seus obxectivos esenciais o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e a transferencia do coñecemento á sociedade, así como a formación de investigadores, e atenderá tanto á investigación básica coma á aplicada.

Artigo 40. A investigación, dereito e deber do profesorado universitario.

1. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador das universidades, de acordo cos fins xerais da universidade e dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico.
- 1 bis. A universidade apoiará e promoverá a dedicación á investigación da totalidade do persoal docente e investigador permanente.
2. A investigación, sen prexuízo da libre creación e organización polas universidades das estruturas que para o seu desenvolvemento determinen, e da libre investigación individual, levarase a cabo, principalmente, en grupos de investigación, departamentos e institutos universitarios de investigación.
3. A actividade e dedicación investigadora e a contribución ao desenvolvemento científico, tecnolóxico ou artístico do persoal docente e investigador das universidades será criterio relevante, atendendo á súa oportuna avaliación, para determinar a súa eficiencia no desenvolvemento da actividade profesional. A universidade facilitará a compatibilidade no exercicio da docencia e a investigación e incentivará o desenvolvemento dunha traxectoria profesional que permita unha dedicación máis intensa á actividade docente ou á investigadora.
4. As universidades fomentarán a mobilidade do seu persoal docente e investigador, co fin de mellorar a súa formación e actividade investigadora, a través da concesión dos oportunos permisos e licenzas, no marco da lexislación estatal e autonómica aplicable e de acordo coas previsións estatutarias consignadas para este efecto.

Artigo 41. Fomento da investigación, o desenvolvemento científico e a innovación tecnolóxica na universidade.

1. A universidade desenvolverá unha investigación de calidade e unha xestión eficaz da transferencia do coñecemento e a tecnoloxía, cos obxectivos tanto de contribuír ao avance do coñecemento e o desenvolvemento tecnolóxico, á innovación e á competitividade das empresas, á mellora da calidade de vida da cidadanía, ao progreso económico e social e a un desenvolvemento responsable equitativo e sustentable, coma de garantir o fomento e a consecución da igualdade.
2. O fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico corresponderalle no ámbito universitario á Administración xeral do Estado e ás comunidades autónomas, de acordo coa lexislación

aplicable, sen prexuízo do desenvolvemento de programas propios das universidades e coa finalidade, entre outros obxectivos, de asegurar:

- a. O fomento da calidade e a competitividade internacional da investigación desenvolvida polas universidades españolas.
- b. O desenvolvemento da investigación inter e multidisciplinar.
- c. A incorporación de científicos e grupos de científicos de especial relevancia dentro das iniciativas de investigación polas universidades.
- d. A mobilidade de investigadores e grupos de investigación para formar equipos e centros de excelencia.
- e. A incorporación ás universidades de persoal técnico de apoio á investigación, atendendo ás características dos distintos campos científicos, así como de persoal de administración e servizos especializado na xestión da investigación e o coñecemento.
- f. A coordinación da investigación entre diversas universidades e distintos centros de investigación, así como a creación de centros ou estruturas mixtas entre as universidades e outros organismos públicos e privados de investigación, e, de ser o caso, empresas.
- g. A vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas, con especial atención á vinculación co sistema produtivo do seu ámbito. A devandita vinculación poderá levarse a cabo, de ser o caso, a través da creación de empresas de base tecnolóxica a partir do labor universitario, en cuxas actividades poderá participar o persoal docente e investigador das universidades conforme ao réxime previsto no artigo 83.
- h. A xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas universidades do fomento da súa actividade investigadora, da canalización das iniciativas investigadoras do seu profesorado, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos para o desenvolvemento desta.

3. A transferencia do coñecemento é unha función das universidades. Estas determinarán e establecerán os medios e instrumentos necesarios para facilitar a prestación deste servizo social por parte do persoal docente e investigador.

O exercicio da devandita actividade daralle dereito á avaliación dos seus resultados e ao recoñecemento dos méritos alcanzados, como criterio relevante para determinar a súa eficiencia no desenvolvemento da actividade profesional.

As universidades fomentarán a cooperación co sector produtivo, de acordo co establecido no artigo 83. Para tal efecto, promoverán a mobilidade do persoal docente e investigador, así como o desenvolvemento conxunto de programas e proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, a creación de centros ou estruturas mixtas e a pertenza e participación activa en redes de coñecemento e plataformas tecnolóxicas.

4. Promoverase que os equipos de investigación desenvolvan a súa carreira profesional fomentando unha presenza equilibrada entre mulleres e homes en todos os seus ámbitos.

TÍTULO VIII

DOS ESTUDANTES

Artigo 42. Acceso á universidade.

1. O estudo na universidade é un dereito de todos os españois nos termos establecidos no ordenamento xurídico.
2. Para o acceso á universidade será necesario estar en posesión do título de bacharel ou equivalente.
3. Correspóndelle ao Goberno, logo do informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, establecer as normas básicas para a admisión dos estudantes que solicitaren ingresar nos centros universitarios, sempre con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade. En calquera caso, e de acordo co que establece o artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, para acceder aos estudos universitarios será necesaria a superación dunha única proba.

A Conferencia Xeral de Política Universitaria velará por que o procedemento de admisión aos estudos universitarios de carácter oficial sexa xeral, obxectivo e universal, teña validez en todas as universidades españolas e responda a criterios acordados co Espazo Europeo de Ensino Superior.

4. Para facilitar a actualización da formación e a readaptación profesionais, así como a plena e efectiva participación na vida cultural, económica e social, o Goberno, logo do informe do Consello de Universidades, regulará os procedementos para o acceso á universidade de quen, acreditando unha determinada experiencia laboral ou profesional, non dispoña da titulación académica legalmente requirida con carácter xeral. A este sistema de acceso, que permitirá o ingreso en calquera universidade, centro e ensino, poderán acollerse tamén, nas condicións que para o efecto se estableceren, os que, sen acreditar a devandita experiencia, superasen unha determinada idade.

Artigo 43. Oferta de prazas nas universidades públicas.

1. As comunidades autónomas efectuarán a programación da oferta de ensinanzas das universidades públicas da súa competencia e os seus distintos centros, de acordo con elas e de conformidade cos procedementos que estableceren.

A oferta de prazas comunicaráse á Conferencia Xeral de Política Universitaria para o seu estudo e a determinación da oferta xeral de ensinanzas e prazas, que será publicada no *Boletín Oficial do Estado*.

2. Os poderes públicos desenvolverán, no marco da programación xeral do ensino universitario, unha política de investimentos tendente a adecuar a capacidade dos centros á demanda social, tendo en conta o gasto público dispoñible, a previsión das necesidades da sociedade e a compensación dos desequilibrios territoriais.

Artigo 44. Límites máximos de admisión de estudantes.

O Goberno, logo do acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, poderá ben para poder cumprir as esixencias derivadas de directivas comunitarias ou de convenios internacionais, ben por motivos de interese xeral igualmente acordados na Conferencia Xeral de Política Universitaria, establecer límites máximos de admisión de estudantes nos estudos de que se tratar. Os devanditos límites afectaranlle ao conxunto das universidades públicas e privadas.

Artigo 45. Bolsas e axudas ao estudo.

1. Para garantir as condicións de igualdade no exercicio do dereito á educación e para que todos os estudantes, con independencia do seu lugar de residencia, gocen das mesmas oportunidades de acceso aos estudos superiores, o Estado, con cargo aos seus orzamentos xerais, establecerá un sistema xeral de bolsas e axudas ao estudo destinado a remover os obstáculos de orde socioeconómica que, en calquera parte do territorio, lles impidan ou dificulten o acceso ou a continuidade dos estudos superiores a aqueles estudantes que estean en condicións de cursalos con aproveitamento.

Para estes efectos, o Goberno determinará con carácter básico as modalidades e contías das bolsas e axudas ao estudo, as condicións académicas e económicas que deban reunir os candidatos, así como os supostos de

incompatibilidade, revogación e reintegro e cantos requisitos, condicións socioeconómicas ou outros factores foren precisos para asegurar a igualdade no acceso ás citadas bolsas e axudas en todo o territorio, sen detrimento das competencias normativas e de execución das comunidades autónomas.

Para o efectos previstos nos parágrafos anteriores terase en conta a singularidade dos territorios insulares e a distancia ao territorio peninsular para favorecer a mobilidade e as condicións de igualdade no exercicio da educación dos estudantes dos devanditos territorios.

2. O desenvolvemento, a execución e o control do sistema xeral de bolsas e axudas ao estudo correspóndenlles ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia e en colaboración coas universidades, co fin de facilitar a xestión descentralizada e a atención ás peculiaridades territoriais que a lexislación contemple.

En calquera caso, para asegurar que os resultados da aplicación do sistema xeral de bolsas e axudas ao estudo propicien o dereito de todos os cidadáns á educación e garantan o principio de igualdade na súa obtención, estableceranse os oportunos mecanismos de coordinación entre o Goberno e as comunidades autónomas no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

3. Sobre a base dos principios de equidade e solidariedade, as administracións públicas e as universidades cooperarán para articular sistemas eficaces de información, verificación e control das bolsas e axudas financiadas con fondos públicos, e para o mellor logro dos obxectivos sinalados nas epígrafes anteriores.

4. Co obxecto de que ninguén quede excluído do estudo na universidade por razóns económicas, o Goberno e as comunidades autónomas, así como as propias universidades, instrumentarán unha política de bolsas, axudas e créditos para o alumnado; no caso das universidades públicas, establecerán, así mesmo, modalidades de exención parcial ou total do pagamento dos prezos públicos por prestación de servizos académicos. En todos os casos ha prestárselles unha especial atención ás persoas con cargas familiares, vítimas da violencia de xénero e persoas con dependencia e minusvalía, para garantir así o seu acceso aos estudos universitarios e a súa permanencia neles.

Artigo 46. Dereitos e deberes dos estudantes.

1. O estudo é un dereito e un deber dos estudantes universitarios.

2. Os estatutos e normas de organización e funcionamento desenvolverán os dereitos e os deberes dos estudantes, así como os mecanismos para a súa garantía.

Nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, os estudantes terán dereito:

- a. Ao estudo na universidade da súa elección, nos termos establecidos polo ordenamento xurídico.
- b. Á igualdade de oportunidades e non-discriminación por razóns de sexo, raza, relixión, minusvalía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no acceso á universidade, o ingreso nos centros, a permanencia na universidade e o exercicio dos seus dereitos académicos.
- c. Á orientación e información pola universidade sobre as actividades desta que lles afecten.
- d. Á publicidade das normas das universidades que deben regular a verificación dos coñecementos dos estudantes.
- e. Ao asesoramento e á asistencia por parte de profesores e titores no modo en que se determinar.
- f. Á súa representación nos órganos de goberno e representación da universidade, nos termos establecidos nesta lei e nos respectivos estatutos ou normas de organización e funcionamento.
- g. Á liberdade de expresión, de reunión e de asociación no ámbito universitario.

- h. Á garantía dos seus dereitos, mediante os procedementos axeitados e, de ser o caso, á actuación do Valedor Universitario.
- i. A obter recoñecemento académico pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.
- l. A recibir un trato non-sexista.
- m. A unha atención que lles facilite compaxinar os estudos coa actividade laboral.

3. As universidades establecerán os procedementos de verificación dos coñecementos dos estudantes. Nas universidades públicas, o Consello Social, logo do informe do Consello de Universidades, aprobará as normas que regulen o progreso e a permanencia na universidade dos estudantes, de acordo coas características dos respectivos estudos.

4. Os estudantes gozarán da protección da Seguridade Social nos termos e condicións que estableza a lexislación vixente.

5. O Goberno aprobará un estatuto do estudante universitario, que deberá prever a constitución, as funcións, a organización e o funcionamento dun consello do estudante universitario como órgano colexiado de representación estudantil, adscrito ao ministerio ao cal se lle atribuíren as competencias en materia de universidades. A regulación deste consello do estudante universitario contará coa representación estudantil de todas as universidades e, de ser o caso, cunha axeitada participación de representantes dos consellos autonómicos de estudantes.

TÍTULO IX

DO PROFESORADO

CAPÍTULO I

DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

Artigo 47. Persoal docente e investigador.

O persoal docente e investigador das universidades públicas estará composto de funcionarios dos corpos docentes universitarios e de persoal contratado.

SECCIÓN I. DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CONTRATADO

Artigo 48. Normas xerais.

1. As universidades poderán contratar persoal docente e investigador en réxime laboral, a través das modalidades de contratación laboral específicas do ámbito universitario que se regulan nesta lei ou mediante as modalidades previstas no Estatuto dos traballadores para a substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo. Tamén poderán contratar persoal investigador, técnico ou outro persoal a través do contrato de traballo por obra ou servizo determinado, para o desenvolvemento de proxectos de investigación científica ou técnica.

Así mesmo, as universidades poderán nomear profesores eméritos nas condicións previstas nesta lei.

2. As modalidades de contratación laboral específicas do ámbito universitario son as que se corresponden coas figuras de axudante; profesor/a axudante doutor/a; profesor/a contratado/a doutor/a; profesor/a asociado/a e profesor/a visitante.

O réxime das indicadas modalidades de contratación laboral será o que se establece nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento; de xeito supletorio, será de aplicación o disposto no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, e nas súas normas de desenvolvemento.

3. A contratación de persoal docente e investigador, agás a figura do/a profesor/a visitante, farase mediante concurso público, ao cal se lle dará a necesaria publicidade e cuxa convocatoria lle será comunicada coa suficiente antelación ao Consello de Universidades para a súa difusión en todas elas. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente posuír a acreditación para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios.

4. O persoal docente e investigador contratado, computado en equivalencias a tempo completo, non poderá superar o 49% do total de persoal docente e investigador da universidade.

Non serán computadas como profesorado contratado aquelas persoas que non impartan docencia nas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos oficiais, nin o persoal propio dos institutos de investigación adscritos á universidade.

5. O persoal docente e investigador con contrato laboral temporal non poderá superar o 40% do persoal docente.

6. Nos termos da presente lei, e no marco das súas competencias, as comunidades autónomas establecerán o réxime do persoal docente e investigador contratado das universidades.

Artigo 49. Axudantes.

A contratación de axudantes axustarase ás seguintes regras:

- a. As universidades poderán contratar como axudantes aquelas persoas que fosen admitidas ou que estean en condicións de ser admitidas nos estudos de doutoramento.
- b. A finalidade principal do contrato será a de completar a formación docente e investigadora das devanditas persoas. Os axudantes colaborarán en tarefas docentes de índole práctica até un máximo de 60 horas anuais.
- c. O contrato será de carácter temporal e con dedicación a tempo completo.
- d. A duración do contrato non poderá ser inferior a un ano nin superior a cinco, e poderá prorrogarse ou renovarse de se concertar por unha duración inferior á máxima, sempre que a duración total non exceda dos indicados cinco anos. As situacións de incapacidade temporal, maternidade e adopción ou acollemento durante o período de duración do contrato interromperán o seu cómputo.

Artigo 50. Profesores axudantes doutores.

A contratación de profesores axudantes doutores axustarase ás seguintes regras:

- a. O contrato asinarase con doutores. A contratación esixirá unha avaliación positiva previa da súa actividade por parte da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine, e será mérito preferente a estadía do/a candidato/a en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, españois ou estranxeiros, distintos da universidade que leve a cabo a contratación.
- b. A finalidade do contrato será a de desenvolver tarefas docentes e de investigación.
- c. O contrato será de carácter temporal e con dedicación a tempo completo.
- d. A duración do contrato non poderá ser inferior a un ano nin superior a cinco, e poderá prorrogarse ou renovarse de se concertar por unha duración inferior á máxima, sempre que a duración total non

exceda dos indicados cinco anos. En calquera caso, o tempo total de duración conxunta entre esta figura contractual e a prevista no artigo anterior, na mesma ou distinta universidade, non poderá exceder de oito anos. As situacións de incapacidade temporal, maternidade e adopción ou acollemento durante o período de duración do contrato interromperán o seu cómputo.

Artigo 51. Profesores colaboradores.

Sen contido.

Artigo 52. Profesores contratados doutores.

A contratación de profesores contratados doutores axustarase ás seguintes regras:

- a. O contrato asinarase con doutores que reciban unha avaliación positiva por parte da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externo que a lei da comunidade autónoma determine.
- b. A finalidade do contrato será a de desenvolver, con plena capacidade docente e investigadora, tarefas ben de docencia e de investigación, ben prioritariamente de investigación.
- c. O contrato será de carácter indefinido e con dedicación a tempo completo.

Artigo 53. Profesores asociados.

A contratación de profesores asociados axustarase ás seguintes regras:

- a. O contrato poderá asinarse con especialistas de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fóra do ámbito académico universitario.
- b. A finalidade do contrato será a de desenvolver tarefas docentes a través das cales se acheguen os coñecementos e a experiencia profesionais á universidade.
- c. O contrato será de carácter temporal e con dedicación a tempo parcial.
- d. A duración do contrato será trimestral, semestral ou anual, e poderá renovarse por períodos de igual duración sempre que se siga acreditando o exercicio da actividade profesional fóra do ámbito académico universitario.

Artigo 54. Profesores visitantes.

A contratación de profesores visitantes axustarase ás seguintes regras:

- a. O contrato poderá asinarse con profesores ou investigadores de recoñecido prestixio doutras universidades e de centros de investigación, tanto españois coma estranxeiros.
- b. A finalidade do contrato será a de desenvolver tarefas docentes ou investigadoras a través das cales se acheguen os coñecementos e a experiencia docente e investigadora á universidade.
- c. O contrato será de carácter temporal, coa duración que se acorde entre as partes, e dedicación a tempo parcial ou completo.

Artigo 54 bis. Profesores eméritos.

As universidades, de acordo cos seus estatutos, poderán nomear profesores eméritos entre os profesores xubilados que lles prestasen uns servizos destacados.

Artigo 55. Retribucións do persoal docente e investigador contratado.

1. As comunidades autónomas regularán o réxime retributivo do persoal docente e investigador contratado nas universidades públicas.

2. As comunidades autónomas poderán, así mesmo, establecer retribucións adicionais ligadas a méritos individuais polo exercicio das seguintes funcións: actividade e dedicación docente, formación docente, investigación, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de coñecemento e xestión.

Dentro dos límites que para este fin fixaren as comunidades autónomas, o Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, poderá acordar a asignación singular e individual dos devanditos complementos retributivos.

3. Sen prexuízo do disposto na epígrafe anterior, o Goberno poderá establecer programas de incentivos para a docencia, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia de coñecemento polo exercicio das funcións a que se refire a epígrafe anterior, que comprendan o persoal docente e investigador contratado.

4. Os complementos retributivos derivados do desenvolvemento das dúas epígrafes anteriores asignaranse logo da valoración dos méritos por parte do órgano de avaliación externo que a lei da comunidade autónoma determine no caso dos da epígrafe 2 e da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación no caso dos da epígrafe 3.

SECCIÓN II. DO PROFESORADO DOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS

Artigo 56. Corpos docentes universitarios.

1. O profesorado universitario funcionario pertencerá aos seguintes corpos docentes:

- a. Catedráticos de universidade.
- b. Profesores titulares de universidade.

O profesorado pertencente a ambos os dous corpos terá plena capacidade docente e investigadora.

2. O profesorado funcionario rexerese polas bases establecidas nesta lei e no seu desenvolvemento, polas disposicións que, en virtude das súas competencias, diten as comunidades autónomas, pola lexislación xeral de funcionarios que lles sexa de aplicación e polos estatutos.

Artigo 57. Acreditación nacional.

1. O acceso aos corpos de funcionarios docentes universitarios mencionados no artigo 56.1 esixirá a obtención previa dunha acreditación nacional que, valorando os méritos e competencias dos aspirantes, garanta a calidade na selección do profesorado funcionario.

O Goberno, logo do informe do Consello de Universidades, regulará o procedemento de acreditación que, en calquera caso, estará rexido polos principios de publicidade, mérito e capacidade para garantir unha selección eficaz, eficiente, transparente e obxectiva do profesorado funcionario, de acordo cos estándares internacionais avaliadores da calidade docente e investigadora.

2. A acreditación será levada a cabo mediante o exame e xuízo sobre a documentación presentada polos solicitantes, por comisións compostas por cando menos sete profesores de recoñecido prestixio docente e investigador contrastado pertencentes aos corpos de funcionarios docentes universitarios. Tales profesores deberán ser catedráticos para a acreditación ao corpo de catedráticos de universidade, e catedráticos e profesores titulares para a acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade. Igualmente, poderán formar parte destas comisións expertos de recoñecido prestixio internacional ou pertencentes a centros públicos de investigación.

Os currículos dos membros das comisións de acreditación faranse públicos despois do seu nomeamento.

Regulamentariamente, establecerase a composición das comisións reguladas nesta epígrafe e a forma de determinación dos seus compoñentes, así como o seu procedemento de actuación e os prazos para resolveren.

En calquera caso, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e procurar unha composición equilibrada de mulleres e homes, salvo que non for posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

3. Nos supostos de avaliación negativa, e con carácter previo á resolución da comisión, os interesados poderán presentar as alegacións que consideren oportunas.

4. Unha vez finalizado o procedemento, expedirase a favor do/a aspirante o correspondente documento de acreditación.

Artigo 58. Habilitación de profesores titulares de escolas universitarias.

Sen contido.

Artigo 59. Acreditación para profesores titulares de universidade.

1. Aquelas persoas que posúan o título de doutor/a poderán presentar unha solicitude para obter a acreditación para profesor/a titular de universidade, que acompañarán, de acordo co que se establecer regulamentariamente, dunha xustificación dos méritos que aduzan.

2. As comisións nomeadas conforme indica o artigo 57.2 examinarán os méritos presentados polos solicitantes e poderán demandar deles aclaracións ou xustificacións adicionais que se entregarán por escrito no prazo que se establecer.

Artigo 60. Acreditación para catedráticos de universidade.

1. Os funcionarios do corpo de profesores titulares de universidade poderán presentar unha solicitude para obter a acreditación para catedrático/a de universidade, que acompañarán, de acordo co que se establecer regulamentariamente, dunha xustificación dos méritos que aduzan.

Quedarán eximidas do requisito de pertencer ao corpo de profesores titulares de universidade aquelas persoas que acrediten ter a condición de doutor/a con, cando menos, oito anos de antigüidade e que obteñan un informe positivo da súa actividade docente e investigadora, de acordo co procedemento que establecer o Goberno.

2. As comisións nomeadas conforme indica o artigo 57.2 examinarán os méritos presentados polos solicitantes e poderán demandar deles aclaracións ou xustificacións adicionais que se entregarán por escrito no prazo que se establecer.

Artigo 61. Persoal de corpos de funcionarios docentes universitarios que ocupen unha praza vinculada aos servizos asistenciais de institucións sanitarias.

O persoal dos corpos de funcionarios docentes universitarios que ocupen unha praza vinculada aos servizos asistenciais de institucións sanitarias, en áreas de coñecemento de carácter clínico-asistencial, de acordo co establecido no artigo 105 da Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, rexerá polo establecido neste artigo e os demais desta lei que lle sexan de aplicación. A devandita praza considerárase, para todos os efectos, como un só posto de traballo.

En atención ás peculiaridades destas prazas, rexerá tamén, no que lles for de aplicación, pola Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade e demais lexislación sanitaria, así como polas normas que o Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte, Sanidade e Consumo e, de ser o caso, Defensa, establecer en relación con estes funcionarios. En particular, nestas normas determinarase o exercicio das competencias sobre situacións administrativas, concretarase o réxime disciplinario deste persoal e establecerase, por proposta do ministro de Facenda, por iniciativa conxunta dos ministros indicados no inciso anterior, o sistema de retribucións aplicable ao mencionado persoal.

Artigo 62. Concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios.

1. As universidades, de acordo co que estableceren os seus estatutos, convocarán concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios que estiveren dotadas no estado de gastos do seu orzamento. A convocatoria deberá ser publicada no *Boletín Oficial do Estado* e no da comunidade autónoma. Os prazos para a presentación aos devanditos concursos contarán desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.

2. Aos concursos poderán presentarse aquelas persoas que foren acreditadas de acordo co regulado, para cada caso, nos artigos 59 e 60, así como os funcionarios dos corpos de profesores titulares de universidade e de catedráticos de universidade.

3. Os estatutos de cada universidade regularán a composición das comisións de selección das prazas convocadas e garantirán, en calquera caso, a necesaria aptitude científica e docente dos seus compoñentes.

A devandita composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e procurar unha composición equilibrada de mulleres e homes, salvo que non for posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas. En calquera caso, os membros das comisións deberán reunir os requisitos indicados no artigo 57.2 e os seus currículos deberán facerse públicos.

4. Igualmente, os estatutos regularán o procedemento que debe rexer nos concursos, que deberá valorar, en calquera caso, o historial académico, docente e investigador do/a candidato/a e o seu proxecto docente e investigador, así como contrastar as súas capacidades para a exposición e o debate na correspondente materia ou especialidade nunha sesión pública.

5. O proceso poderá concluír coa decisión da comisión de non prover a praza convocada.

Artigo 63. Convocatoria de concursos.

Sen contido.

Artigo 64. Garantías das probas.

1. Nos concursos de acceso quedarán garantidos, en todo momento, a igualdade de oportunidades dos candidatos e o respecto aos principios de mérito e capacidade.

2. Nos concursos de acceso, as universidades farán pública a composición das comisións, así como os criterios para a adxudicación das prazas. Unha vez celebrados, farán públicos os resultados da avaliación de cada candidato/a, desagregada en cada un dos aspectos avaliados.

Artigo 65. Nomeamentos.

1. As comisións que xulguen os concursos de acceso proporanlle ao/á reitor/a, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos por orde de preferencia para o seu nomeamento, sen que poida excederse na proposta o número de prazas convocadas a concurso. O/A reitor/a procederá aos nomeamentos conforme á proposta realizada, ordenará a súa inscrición no correspondente rexistro de persoal e a súa publicación no *Boletín Oficial do Estado* e no da comunidade autónoma, así como a súa comunicación ao Consello de Universidades.

2. A praza obtida tras o concurso de acceso deberá desempeñarse durante dous anos, cando menos, antes de poder participar nun novo concurso para obter unha praza noutra universidade.

Artigo 66. Comisións de reclamacións.

1. Contra as propostas das comisións de acreditación, os solicitantes poderán presentar unha reclamación ante o Consello de Universidades.

Admitida a reclamación, será valorada por unha comisión, a composición da cal será determinada regulamentariamente.

Esta comisión examinará o expediente relativo á acreditación para velar polas garantías establecidas e poderá ratificar a proposta ou, de ser o caso, admitir a reclamación, todo iso nun prazo máximo de tres meses. O transcurso do prazo establecido sen resolver entenderase como o rexeitamento da reclamación presentada.

2. Contra as propostas das comisións dos concursos de acceso, os concursantes poderán presentar unha reclamación ante o/a reitor/a. Admitida a trámite a reclamación, suspenderanse os nomeamentos até a súa resolución.

A reclamación será valorada por unha comisión composta por sete catedráticos de universidade pertencentes a diversos ámbitos do coñecemento, designados na forma que estableceren os estatutos, con ampla experiencia docente e investigadora.

Esta comisión examinará o expediente relativo ao concurso para velar polas garantías establecidas e ratificará ou non a proposta reclamada no prazo máximo de tres meses, tras o que o/a reitor/a ditará a resolución en congruencia co que indicar a comisión. O transcurso do prazo establecido sen resolver entenderase como o rexeitamento da reclamación presentada.

3. As resolucións do Consello de Universidades e do/a reitor/a a que se refiren as epígrafes anteriores esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 67. Reingreso de excedentes ao servizo activo.

O reingreso ao servizo activo dos funcionarios de corpos docentes universitarios en situación de excedencia voluntaria efectuarase mediante a obtención dunha praza nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios que calquera universidade convoque, de acordo co establecido no artigo 62.

O reingreso poderá efectuarse, así mesmo, na universidade á cal pertencese o centro universitario de procedencia con anterioridade á excedencia, se solicitar do/a reitor/a a adscrición provisional a unha praza dela, coa obriga de participar en cantos concursos de acceso foren convocados pola devandita universidade para cubrir prazas no seu corpo e na súa área de coñecemento; perderase a adscrición provisional no caso de non o facer. A adscrición provisional farase na forma e cos efectos que, respectando os principios recoñecidos pola lexislación xeral de funcionarios no caso do reingreso ao servizo activo, determinen os estatutos. No entanto, o reingreso será automático e definitivo, por solicitude do interesado dirixida á universidade de orixe, sempre que transcorrerem, cando menos, dous anos en situación de excedencia, e que non excederen de cinco, e se existir praza vacante do mesmo corpo e área de coñecemento.

Artigo 68. Réxime de dedicación.

1. O profesorado das universidades públicas exercerá as súas funcións preferentemente en réxime de dedicación a tempo completo, ou ben a tempo parcial. A dedicación será, en calquera caso, compatible coa realización de traballos científicos, técnicos ou artísticos a que se refire o artigo 83.

2. A dedicación a tempo completo do profesorado universitario será requisito necesario para o desempeño de órganos unipersoais de goberno que, en ningún caso, poderán exercerse simultaneamente.

Artigo 69. Retribucións do persoal docente e investigador funcionario.

1. O Goberno determinará o réxime retributivo do persoal docente e investigador universitario pertencente aos corpos de funcionarios.

O devandito réxime será o establecido pola lexislación xeral de funcionarios, axeitado especificamente ás características do devandito persoal. Para estes efectos, o Goberno establecerá os intervalos de niveis ou categorías dentro de cada nivel correspondentes a cada corpo docente e os requisitos de promoción dun a outro, así como as súas consecuencias retributivas.

2. O Goberno poderá establecer retribucións adicionais ás anteriores ligadas a méritos individuais polo exercicio das seguintes funcións: actividade e dedicación docente, formación docente, investigación, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de coñecemento e xestión.

3. As comunidades autónomas poderán, así mesmo, establecer retribucións adicionais ligadas a méritos individuais docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xestión polo exercicio das funcións a que se refiren os artigos 33, 41.2 e 41.3. Dentro dos límites que para este fin fixaren as comunidades autónomas, o Consello Social, por proposta do Consello de Goberno da universidade, poderá acordar a asignación singular e individual dos devanditos complementos retributivos.

4. Os complementos retributivos derivados do desenvolvemento das dúas epígrafes anteriores asignaranse logo da valoración dos méritos pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou polo órgano de avaliación externa que a comunidade autónoma determine.

Artigo 70. Relacións de postos de traballo do profesorado.

1. Cada universidade pública establecerá anualmente, no estado de gastos do seu orzamento, a relación de postos de traballo do seu profesorado, en que se relacionarán, debidamente clasificadas, todas as prazas de profesorado, incluído o persoal docente e investigador contratado.

2. As relacións de postos de traballo da universidade deberán adaptarse, en calquera caso, ao establecido no parágrafo segundo da epígrafe 1 do artigo 48.

3. As universidades poderán modificar a relación de postos de traballo do seu profesorado por ampliación das prazas existentes ou por minoración ou cambio de denominación das prazas vacantes na forma que indiquen os seus estatutos e sen prexuízo do disposto no artigo 82.

Artigo 71. Áreas de coñecemento.

1. As denominacións das prazas da relación de postos de traballo de profesores funcionarios de corpos docentes universitarios corresponderán ás das áreas de coñecemento existentes. Para tales efectos, entenderase por área de coñecemento aquel campo do saber caracterizado pola homoxeneidade do seu obxecto de coñecemento, unha común tradición histórica e a existencia de comunidades de profesores e investigadores, nacionais ou internacionais, dedicados a el.

2. O Goberno establecerá e, de ser o caso, revisará o catálogo de áreas de coñecemento, logo do informe do Consello de Universidades.

CAPÍTULO II

DAS UNIVERSIDADES PRIVADAS

Artigo 72. Persoal docente e investigador.

1. O persoal docente e investigador das universidades privadas deberá estar en posesión da titulación académica que se establecer na normativa prevista na epígrafe 3 do artigo 4.

2. Con independencia das condicións xerais que se estableceren de conformidade co artigo 4.3, cando menos o 50% do total do profesorado deberá estar en posesión do título de doutor/a e, cando menos, o 60% do total do seu profesorado doutor deberá obter a avaliación positiva da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine. Para estes efectos, o número total de profesores computarase sobre o equivalente en dedicación a tempo completo. Seranlles de aplicación os mesmos requisitos aos centros universitarios privados adscritos a universidades privadas.

3. O profesorado das universidades privadas e dos centros privados de ensino universitario adscritos a universidades non poderá ser funcionario dun corpo docente universitario en situación de activo e con destino nunha universidade pública. Seralle aplicada a mesma limitación ao persoal docente e investigador a tempo completo.

TÍTULO X

DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

Artigo 73. O persoal de administración e servizos.

1. O persoal de administración e servizos das universidades estará formado por persoal funcionario das escalas das propias universidades e persoal laboral contratado pola propia universidade, así como por persoal funcionario pertencente aos corpos e ás escalas doutras administracións públicas.

2. Correspóndelle ao persoal de administración e servizos a xestión técnica, económica e administrativa, así como o apoio, o asesoramento e a asistencia no desenvolvemento das funcións da universidade.

Así mesmo, correspóndelle ao persoal de administración e servizos das universidades públicas o apoio, a asistencia e o asesoramento ás autoridades académicas; e o exercicio da xestión e a administración, particularmente nas áreas de recursos humanos, organización administrativa, asuntos económicos, informática, arquivos, bibliotecas, información, servizos xerais e servizos científico-técnicos, así como o soporte á investigación e á transferencia de tecnoloxía, e a calquera outro proceso de xestión administrativa e de soporte que se determine necesario para a universidade no cumprimento dos seus obxectivos.

3. O persoal funcionario de administración e servizos rexerese pola presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento, pola lexislación xeral de funcionarios e as disposicións de desenvolvemento desta que elaboren as comunidades autónomas, e polos estatutos da súa universidade.

O persoal laboral de administración e servizos, ademais das previsións desta lei e as súas normas de desenvolvemento, e dos estatutos da súa universidade, rexerese pola lexislación laboral e os convenios colectivos aplicables.

Artigo 74. Retribucións.

1. O persoal de administración e servizos das universidades será retribuído con cargo aos seus orzamentos.

2. As universidades establecerán o réxime retributivo do persoal funcionario, dentro dos límites máximos que determine a comunidade autónoma e no marco das bases que dite o Estado.

3. O Goberno e as comunidades autónomas poderán establecer programas de incentivos ligados a méritos individuais vinculados á súa contribución na mellora da investigación e a transferencia de coñecemento.

Artigo 75. Selección.

1. As universidades poderán crear escalas de persoal propio, de acordo cos grupos de titulación esixidos, de conformidade coa lexislación xeral da función pública.

2. A selección do persoal de administración e servizos realizarase mediante a superación das probas selectivas de acceso, do modo que estableceren as leis e os estatutos que lle son de aplicación e atendendo aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Garantirase, en calquera caso, a publicidade das correspondentes convocatorias mediante a súa publicación no *Boletín Oficial do Estado* e no da comunidade autónoma.

3. Os principios establecidos na epígrafe 2 serán observados tamén para a selección do persoal contratado.

Artigo 76. Provisión das prazas.

1. A provisión de postos de persoal de administración e servizos das universidades realizarase polo sistema de concursos, aos cales poderá concorrer tanto o seu persoal propio como o persoal doutras universidades. O persoal pertencente a corpos e escalas das administracións públicas poderá concorrer nas condicións que regulamentariamente se determinaren.
2. Só poderán cubrirse polo sistema de libre designación aqueles postos que as universidades determinen atendendo á natureza das súas funcións, e de conformidade coa normativa xeral da función pública.
3. Os estatutos establecerán as normas para asegurar a provisión das vacantes que se produciren, así como o perfeccionamento e a promoción profesional do persoal, de acordo cos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

Artigo 76 bis. Formación e mobilidade.

1. As universidades fomentarán a formación permanente do persoal de administración e servizos. Para tal efecto, facilitarán que o devandito persoal poida seguir programas que aumenten as súas habilidades e competencias profesionais.
2. As universidades promoverán as condicións para que o persoal de administración e servizos poida desempeñar as súas funcións en universidades distintas da de orixe. Para tal fin, poderán formalizarse convenios entre as universidades ou con outras administracións públicas que garantan o dereito á mobilidade do seu respectivo persoal baixo o principio de reciprocidade.

Artigo 77. Situacións.

Correspóndelle ao/á reitor/a da universidade adoptar as decisións relativas ás situacións administrativas e ao réxime disciplinario para os funcionarios de administración e servizos que desempeñen funcións nelas, con excepción da separación do servizo, que será acordada polo órgano competente segundo a lexislación de funcionarios.

Igualmente, correspóndelle ao/á reitor/a a aplicación do réxime disciplinario no caso do persoal laboral.

Artigo 78. Representación e participación.

Garantirase a participación do persoal de administración e servizos nos órganos de goberno e representación das universidades, de acordo co disposto nesta lei e nos estatutos.

TÍTULO XI

DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS

Artigo 79. Autonomía económica e financeira.

1. As universidades públicas terán autonomía económica e financeira nos termos establecidos na presente lei. Para tal efecto, garantirase que as universidades dispoñan dos recursos necesarios para un funcionamento básico de calidade.
2. No exercicio da súa actividade económico-financeira, as universidades públicas rexeranse polo previsto neste título e na lexislación financeira e orzamentaria aplicable ao sector público.

Artigo 80. Patrimonio da universidade.

1. Constitúe o patrimonio de cada universidade o conxunto dos seus bens, dereitos e obrigas. Os bens afectos ao cumprimento dos seus fins e os actos que para o desenvolvemento inmediato de tales fins realicen, así como os seus rendementos, gozarán de exención tributaria, sempre que os tributos e exencións recaian

directamente sobre as universidades en concepto legal de contribuíntes, non sendo que for posible legalmente a translación da carga tributaria.

2. As universidades asumen a titularidade dos bens de dominio público afectos ao cumprimento das súas funcións, así como os que, no futuro, foren destinados a estes mesmos fins polo Estado ou polas comunidades autónomas. Exceptúanse, en calquera caso, os bens que integren o patrimonio histórico español. Cando os bens a que se refire o primeiro inciso desta epígrafe deixen de ser necesarios para a prestación do servizo universitario, ou foren empregados en funcións distintas das propias da universidade, a administración de orixe poderá reclamar a súa reversión, ou ben, se iso non for posible, o reembolso do seu valor no momento en que procedía a reversión.

As administracións públicas poderán adscribir bens da súa titularidade ás universidades públicas para o seu emprego nas funcións propias destas.

3. A administración e disposición dos bens de dominio público, así como dos patrimoniais, axustarase ás normas xerais que rexan nesta materia. Sen prexuízo da aplicación do disposto na lexislación sobre o patrimonio histórico español, os actos de disposición dos bens inmoebles e dos mobles de extraordinario valor serán acordados pola universidade, coa aprobación do Consello Social, de conformidade coas normas que a este respecto determine a comunidade autónoma.

4. En canto aos beneficios fiscais das universidades públicas, haberá que atermos ao disposto para as entidades sen finalidade lucrativa na Lei 30/1994, de 24 de novembro, de fundacións e incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral. As actividades de mecenado en favor das universidades públicas gozarán dos beneficios que establece a mencionada lei.

Artigo 81. Programación e orzamento.

1. No marco do establecido polas comunidades autónomas, as universidades poderán elaborar programacións plurianuais que poidan conducir á aprobación, polas comunidades autónomas, de convenios e contratos-programa que incluírán os seus obxectivos, o seu financiamento e a avaliación do seu cumprimento.

2. O orzamento será público, único e equilibrado, e comprenderá a totalidade dos seus ingresos e gastos.

3. O orzamento das universidades conterà no seu estado de ingresos:

- a. As transferencias para gastos correntes e de capital fixadas anualmente polas comunidades autónomas.
- b. Os ingresos polos prezos públicos por servizos académicos e demais dereitos que legalmente se estableceren. No caso de estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, os prezos públicos e dereitos fíxaralos a comunidade autónoma dentro dos límites que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria, que estarán relacionados cos custos de prestación do servizo.

Así mesmo, consignaranse as compensacións correspondentes aos importes derivados das exencións e reducións que legalmente se dispuxeren en materia de prezos públicos e demais dereitos.

- c. Os prezos de ensinanza propias, cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas ás universidades ateranse ao que establecer o Consello Social, debendo ser, en calquera caso, aprobados xunto cos orzamentos anuais en que deban aplicarse.
- d. Os ingresos procedentes de transferencias de entidades públicas e privadas, así como de herdanzas, legados ou doazóns.

- e. Os rendementos procedentes do seu patrimonio e daquelas outras actividades económicas que desenvolveren segundo o previsto nesta lei e nos seus propios estatutos.
- f. Todos os ingresos procedentes dos contratos previstos no artigo 83.
- g. Os remanentes de tesouraría e calquera outro ingreso.
- h. O produto das operacións de crédito que concerten, debendo ser compensado para a consecución do necesario equilibrio orzamentario da comunidade autónoma, a cal, en calquera caso, deberá autorizar calquera operación de endebedamento.

4. A estrutura do orzamento das universidades, o seu sistema contable e os documentos que comprenden as súas contas anuais deberán adaptarse, en calquera caso, ás normas que con carácter xeral se estableceren para o sector público. Neste marco, para os efectos da normalización contable, as comunidades autónomas poderán establecer un plan de contabilidade para as universidades da súa competencia.

O estado de gastos correntes acompañarase da relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da universidade, de que se especificará a totalidade dos custos. Os custos do persoal docente e investigador, así como do de administración e servizos, deberán ser autorizados pola comunidade autónoma.

5. As universidades están obrigadas a render contas da súa actividade ante o órgano de fiscalización de contas da comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, as universidades enviaranlle ao Consello de Goberno da comunidade autónoma a liquidación do orzamento e o resto de documentos que constituían as súas contas anuais no prazo establecido polas normas aplicables de cada comunidade autónoma ou, no seu defecto, na lexislación xeral. Recibidas as contas na comunidade autónoma, seranlle remitidas ao órgano de fiscalización de contas desta ou, no seu defecto, ao Tribunal de Contas.

Artigo 82. Desenvolvemento e execución dos orzamentos.

As comunidades autónomas establecerán as normas e os procedementos para o desenvolvemento e a execución do orzamento das universidades, así como para o control dos investimentos, gastos e ingresos destas, mediante as correspondentes técnicas de auditoría, baixo a supervisión dos consellos sociais.

Será lexislación supletoria nesta materia a normativa que, con carácter xeral, lle for de aplicación ao sector público.

Artigo 83. Colaboración con outras entidades ou persoas físicas.

1. Os grupos de investigación recoñecidos pola universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, e o seu profesorado a través destes ou de órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da universidade dedicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación, poderán celebrar contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como tamén para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

2. Os estatutos, no marco das normas básicas que dite o Goberno, establecerán os procedementos de autorización dos traballos e de celebración dos contratos previstos na epígrafe anterior, así como os criterios para fixar o destino dos bens e recursos que con eles se obtiveren.

3. Sempre que unha empresa de base tecnolóxica sexa creada ou desenvolvida a partir de patentes ou de resultados xerados por proxectos de investigación financiados total ou parcialmente con fondos públicos e realizados en universidades, o profesorado funcionario dos corpos docentes universitarios e o contratado con

vinculación permanente á universidade que fundamente a súa participación nos mencionados proxectos poderán solicitar a autorización para incorporarse á devandita empresa mediante unha excedencia temporal.

O Goberno, logo do informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, regulará as condicións e o procedemento para a concesión da devandita excedencia que, en calquera caso, só poderá concederse por un límite máximo de cinco anos. Durante este período, os excedentes terán dereito á reserva do posto de traballo e ao seu cómputo para os efectos de antigüidade. Se con anterioridade á finalización do período polo cal se concedese a excedencia o/a profesor/a non solicitase o reingreso ao servizo activo, será declarado/a de oficio en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Artigo 84. Creación de fundacións ou outras persoas xurídicas.

Para a promoción e o desenvolvemento dos seus fins, as universidades, coa aprobación do Consello Social, poderán crear, por si soas ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, empresas, fundacións ou outras persoas xurídicas de acordo coa lexislación xeral aplicable.

A dotación fundacional ou a achega ao capital social e calquera outra achega ás entidades que prevé o parágrafo anterior, con cargo aos orzamentos da universidade, quedarán sometidas ás normas que, para tal fin, estableza a comunidade autónoma.

As entidades en que as universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e co mesmo procedemento ca as propias universidades.

TÍTULO XII

DOS CENTROS NO ESTRANXEIRO OU QUE IMPARTAN ENSEÑANZAS CONFORME A SISTEMAS EDUCATIVOS ESTRANXEIROS

Artigo 85. Centros no estranxeiro.

1. Os centros dependentes de universidades españolas situados no estranxeiro que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional terán unha estrutura e un réxime singularizados co fin de acomodalos ás esixencias do ámbito, de acordo co que determine o Goberno e co que, de ser o caso, dispoñan os convenios internacionais.

En calquera caso, a súa creación e supresión será acordada polo Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte e de Asuntos Exteriores, por proposta do Consello Social da universidade, e logo do informe do Consello de Goberno da universidade, e aprobada pola comunidade autónoma competente, logo do informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

2. O disposto na epígrafe anterior será de aplicación para poder impartir no estranxeiro ensinanzas de modalidade presencial conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Artigo 86. Centros que impartan ensinanzas conforme a sistemas educativos estranxeiros.

1. O Goberno, logo do informe de Consello de Universidades, regulará o marco xeral no cal haberán de impartirse en España ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria, así como as condicións que terán que reunir os centros que pretendan impartir tales ensinanzas.

O establecemento en España de centros que, baixo calquera modalidade, impartan as ensinanzas a que se refire o parágrafo anterior, requirirá a autorización do órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal se pretenda o establecemento, logo do informe de Consello de Universidades.

2. Nos termos que establecer a normativa a que se refire a epígrafe anterior, os centros regulados neste artigo estarán sometidos, en calquera caso, á avaliación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou, de ser o caso, do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine. Neste segundo suposto, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación recibirá, en calquera caso, copia do mencionado informe.

3. Os títulos e as ensinanzas de educación superior correspondentes a estudos estranxeiros realizados, en todo ou en parte, en España só poderán ser sometidos ao trámite de homologación ou validación se os centros onde se realizaron os citados estudos se estableceren de acordo co previsto nas epígrafes anteriores, e as ensinanzas sancionadas polo título estranxeiro cuxa homologación se pretende estiveren efectivamente implantadas na universidade ou no centro estranxeiro que expedise o título. Regulamentariamente, e para os efectos da devandita homologación, o Goberno regulará as condicións de acceso aos estudos nos centros mencionados.

4. O disposto nas epígrafes anteriores enténdese sen prexuízo do establecido nos tratados ou convenios internacionais subscritos por España ou, de ser o caso, da aplicación do principio de reciprocidade.

5. O Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán polo cumprimento por parte dos centros que impartan ensinanzas conforme a sistemas educativos estranxeiros do establecido no presente artigo, así como por que os estudantes que se matriculen neles dispoñan dunha correcta información sobre as ensinanzas e os títulos a que poden acceder.

TÍTULO XIII

ESPAZO EUROPEO DE ENSINO SUPERIOR

Artigo 87. Da integración no Espazo Europeo de Ensino Superior.

No ámbito das súas respectivas competencias, o Goberno, as comunidades autónomas e as universidades adoptarán as medidas necesarias para completar a plena integración do sistema español no Espazo Europeo de Ensino Superior.

Artigo 88. Das ensinanzas e os títulos e da mobilidade de estudantes.

1. Co fin de promover a máis ampla mobilidade de estudantes e titulados españois no Espazo Europeo de Ensino Superior, o Goberno, logo do informe do Consello de Universidades, adoptará as medidas que aseguren que os títulos oficiais expedidos polas universidades españolas se acompañen do suplemento europeo ao título.

2. Así mesmo, o Goberno, logo do informe do Consello de Universidades, establecerá as normas necesarias para que a unidade de medida do haber académico, correspondente á superación de cada unha das materias que integran os plans de estudo das diversas ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, sexa o crédito europeo.

3. O Goberno, as comunidades autónomas e as universidades fomentarán a mobilidade dos estudantes no Espazo Europeo de Ensino Superior a través de programas de bolsas, axudas e créditos ao estudo ou, de ser o caso, complementando os programas de bolsas e axudas da Unión Europea.

Artigo 89. Do profesorado.

1. O profesorado das universidades dos estados membros da Unión Europea que alcanzar nelas unha posición equivalente ás de catedrático/a ou profesor/a titular de universidade será considerado acreditado para os efectos previstos nesta lei, segundo o procedemento e as condicións que foren establecidas regulamentariamente polo Goberno, logo do informe do Consello de Universidades.

2. O profesorado a que se refire a epígrafe 1 poderá formar parte das comisións a que se refire o artigo 57 e, de as universidades así o estableceren nos seus estatutos, das comisións encargadas de resolver os concursos para o acceso aos corpos docentes universitarios.

3. Para os efectos da concorrencia aos procedementos de acreditación, aos concursos de acceso aos corpos de funcionarios docentes universitarios e ás convocatorias de contratos de profesorado que prevé esta lei, os nacionais dos estados membros da Unión Europea gozarán de idéntico tratamento, e cos mesmos efectos, ao dos nacionais españois.

O establecido no parágrafo anterior seralles de aplicación aos nacionais daqueles estados aos cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, for de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se atopa definida no Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

4. O Goberno, as comunidades autónomas e as universidades fomentarán a mobilidade dos profesores no Espazo Europeo de Ensino Superior a través de programas e convenios específicos e dos programas da Unión Europea.

5. O Goberno, as comunidades autónomas e as universidades impulsarán a realización de programas dirixidos á renovación metodolóxica do ensino universitario para o cumprimento dos obxectivos de calidade do Espazo Europeo de Ensino Superior.

Artigo 89 bis. Do persoal de administración e servizos.

O Goberno, as comunidades autónomas e as universidades fomentarán a mobilidade do persoal de administración e servizos no Espazo Europeo de Ensino Superior a través de programas e convenios específicos, e de ser o caso, dos que institúa a Unión Europea.

TÍTULO XIV

DO DEPORTE E A EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

Artigo 90. Do deporte na universidade.

1. A práctica deportiva na universidade é parte da formación do alumnado e considérase de interese xeral para todos os membros da comunidade universitaria. Correspóndelles ás universidades en virtude da súa autonomía a ordenación e organización de actividades e competicións deportivas no seu ámbito respectivo.

2. As universidades establecerán as medidas oportunas para favorecer a práctica deportiva dos membros da comunidade universitaria e, de ser o caso, proporcionarán instrumentos para a compatibilidade efectiva desa práctica coa formación académica dos estudantes.

Artigo 91. Coordinación en materia de deporte universitario.

1. Correspóndelles ás comunidades autónomas a coordinación en materia de deporte universitario no ámbito do seu territorio.

2. Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, o Goberno, logo do informe do Consello de Universidades e por proposta da Conferencia Xeral de Política Universitaria, ditará as disposicións necesarias para a coordinación xeral das actividades deportivas das universidades e articulará fórmulas para compatibilizar os estudos de deportistas de alto nivel coas súas actividades deportivas.

Artigo 92. Da cooperación internacional e a solidariedade.

As universidades fomentarán a participación dos membros da comunidade universitaria en actividades e proxectos de cooperación internacional e solidariedade. Así mesmo, propiciarán a realización de actividades

e iniciativas que contribúan ao impulso da cultura da paz, ao desenvolvemento sustentable e ao respecto ao medio como elementos esenciais para o progreso solidario.

Artigo 93. Da cultura universitaria.

É responsabilidade da universidade conectar os universitarios co sistema de ideas vivas do seu tempo. Para tal fin, as universidades arbitrarán os medios necesarios para potenciar o seu compromiso coa reflexión intelectual, a creación e a difusión da cultura. Especificamente as universidades promoverán o achegamento das culturas humanística e científica e esforzaranse por transmitirle o coñecemento á sociedade mediante a divulgación da ciencia.

DISPOSICIÓN

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Das universidades creadas ou recoñecidas por lei das Cortes Xerais.

As Cortes Xerais e o Goberno exercerán as competencias que a presente lei lles atribúe, respectivamente, á Asemblea Lexislativa e ao Consello de Goberno das comunidades autónomas, en canto se refire ás universidades creadas ou recoñecidas por lei das Cortes Xerais, de acordo co establecido no artigo 4, e en atención ás súas especiais características e ao ámbito das súas actividades, á Universidade Nacional de Educación a Distancia e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Da Universidade Nacional de Educación a Distancia.

1. A Universidade Nacional de Educación a Distancia impartirá ensino universitario a distancia en todo o territorio nacional.

2. En atención ás súas especiais características, o Goberno establecerá, sen prexuízo dos principios recollidos nesta lei, unha regulación específica da Universidade Nacional de Educación a Distancia que terá en conta, en calquera caso, o réxime dos seus centros asociados e dos convenios coas comunidades autónomas e outras entidades públicas e privadas, as específicas obrigas docentes do seu profesorado e o réxime dos titores.

3. A devandita regulación, de acordo coas previsións do artigo 7, contemplará a creación dun centro superior para a ensinanza virtual especificamente dedicado a esta modalidade de ensino nos distintos ciclos dos estudos universitarios. Dada a modalidade especial do ensino e a orientación finalista deste centro, tanto a súa organización, o réxime do seu persoal e os procedementos de xestión coma o seu financiamento serán obxecto de previsións particulares a respecto do réxime xeral da Universidade Nacional de Educación a Distancia.

4. O recurso ao endebamento por parte da Universidade Nacional de Educación a Distancia deberá ser autorizado por unha norma con rango de lei. No entanto, ao longo do exercicio orzamentario, para atender desfases temporais de tesouraría, a Universidade Nacional de Educación a distancia poderá recorrer á contratación de pólizas de crédito ou empréstitos, nunha contía que non superará o 5% do seu orzamento, que terán de quedar cancelados antes do 31 de decembro de cada ano.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

1. A Universidade Internacional Menéndez Pelayo, centro universitario de alta cultura, investigación e especialización en que converxen actividades de distintos graos e especialidades universitarias ten por misión difundir a cultura e a ciencia, fomentar as relacións de intercambio e información científica e cultural de interese internacional e interrexional e o desenvolvemento de actividades de alta investigación e especialización. Para tal fin, organizará e desenvolverá, conforme ao establecido na presente lei, ensinanzas de terceiro ciclo que acreditará cos correspondentes títulos oficiais de doutor/a e outros títulos e diplomas de posgrao que expida.

2. En atención ás súas especiais características e ao ámbito das súas actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo manterá o seu carácter de organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, con personalidade xurídica e patrimonio propios, e plena capacidade para realizar todo xénero de actos de xestión e disposición para o cumprimento dos seus fins, sen máis limitacións que as establecidas polas leis.

3. A Universidade Internacional Menéndez Pelayo gozará de autonomía no exercicio das súas funcións docentes, investigadoras e culturais, no marco do seu específico réxime legal.

4. A Universidade Internacional Menéndez Pelayo rexerá pola normativa propia dos organismos autónomos a que se refire o artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, de 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, polas disposicións desta lei que lle resulten aplicables e polo correspondente estatuto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Das universidades da Igrexa Católica.

1. A aplicación desta lei ás universidades e a outros centros da Igrexa Católica axustarase ao disposto nos acordos entre o Estado español e a Santa Sé.

2. As universidades establecidas ou que foren establecidas en España pola Igrexa Católica con posterioridade ao Acordo entre o Estado español e a Santa Sé de 3 de xaneiro de 1979, sobre ensino e asuntos culturais, quedarán sometidas ao previsto por esta lei para as universidades privadas, agás a necesidade de lei de recoñecemento.

Nos mesmos termos, os centros universitarios de ciencias non-eclesiásticas que non estean integrados como centros propios nunha universidade da Igrexa Católica, e que esta estableza en España, suxeitaranse, para impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, ao previsto por esta lei para os centros adscritos a unha universidade pública.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Dos colexios maiores e as residencias universitarias.

1. Os colexios maiores son centros universitarios que, integrados na universidade, lles proporcionan residencia aos estudantes e promoven a formación cultural e científica dos residentes, proxectando a súa actividade ao servizo da comunidade universitaria.

2. O funcionamento dos colexios maiores ou das residencias regularase polos estatutos de cada universidade e os propios de cada colexio maior ou residencia, e gozarán dos beneficios ou exencións fiscais da universidade a que estean adscritos.

3. As universidades poderán crear ou adscribir residencias universitarias de acordo co previsto nos seus estatutos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Doutras centros docentes de educación superior.

Os centros docentes de educación superior que, pola natureza das ensinanzas que impartan ou os títulos ou diplomas que estean autorizados a expedir, non se integren ou de que non proceda a integración ou adscrición a unha universidade, conforme aos termos da presente lei, rexeranse polas disposicións específicas que lles foren aplicables.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Do réxime de concertos entre universidades e institucións sanitarias.

Correspóndelle ao Goberno, por proposta dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e Sanidade e Consumo, logo do informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, establecer as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias e establecementos sanitarios en que

deba impartirse ensino universitario, para os efectos de garantir a docencia práctica de Medicina, Farmacia e Enfermaría e outras ensinanzas que así o esixiren.

Nas devanditas bases xerais, preverase a participación dos consellos de goberno das comunidades autónomas nos concertos singulares que, conforme a aquelas, se subscriban entre universidades e institucións sanitarias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Do modelo de financiamento das universidades públicas.

No prazo máximo dun ano, a Conferencia Xeral de Política Universitaria, logo do informe do Consello de Universidades, elaborará un modelo referencial de custos que lles facilite aos poderes públicos establecer un financiamento axeitado das universidades públicas que, atendendo ao previsto no artigo 79.1, favoreza a súa plena participación no Espazo Europeo de Ensino Superior.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Dos cambios sobrevidos nas universidades privadas e nos centros de educación superior adscritos a universidades públicas.

1. O recoñecemento das universidades privadas caducará no caso de que, transcorrido o prazo fixado pola lei de recoñecemento, non se solicitase a autorización para o inicio das actividades académicas ou esta fose denegada por falta de cumprimento dos requisitos previstos no ordenamento xurídico.

2. Por solicitude dunha universidade privada, o órgano competente da comunidade autónoma conforme ao procedemento que esta establecer poderá deixar sen efecto o recoñecemento dos centros ou as ensinanzas existentes na devandita universidade. Esta garantirá que os estudantes que cursen as correspondentes ensinanzas poidan finalizalas conforme ás regras xerais para a extinción dos plans de estudos.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación, así mesmo, no caso da supresión de centros adscritos a universidades públicas.

3. Se con posterioridade ao inicio das súas actividades a comunidade autónoma apreciase que unha universidade privada ou un centro universitario adscrito a unha universidade pública incumpre os requisitos esixidos polo ordenamento xurídico, ou os compromisos adquiridos ao se solicitar o seu recoñecemento, ou se separa das funcións institucionais da universidade contemplados no artigo 1, requirirá da universidade que esta situación sexa regularizada en prazo. Transcorrido este sen que tal regularización se producir, logo da audiencia da universidade privada ou do centro universitario adscrito, a comunidade autónoma poderá revogar o recoñecemento dos centros ou das ensinanzas afectados ou comunicarllo á Asemblea Lexislativa para os efectos da posible revogación do recoñecemento da universidade privada.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. Da mobilidade temporal do persoal das universidades.

1. Os poderes públicos promoverán mecanismos de mobilidade entre as universidades e outros centros de investigación, cos seus correspondentes programas de financiamento. Así mesmo, promoverán medidas de fomento e colaboración entre as universidades, centros de ensinanzas non-universitarias, administracións públicas, empresas e outras entidades, públicas ou privadas, para favorecer a mobilidade temporal entre o seu persoal e o que presta os seus servizos nestas entidades.

2. Para os efectos previstos na epígrafe anterior, terase en conta a singularidade das universidades dos territorios insulares e a distancia ao territorio peninsular. O Goberno, as comunidades autónomas e as universidades establecerán coordinadamente unha liña de fomento para a mobilidade dos axudantes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO PRIMEIRA. Dos nacionais de estados non-membros da Unión Europea.

1. Os contratos de profesorado que prevé esta lei non estarán suxeitos a condicións ou requisitos baseados na nacionalidade.

2. Para os nacionais de estados non-membros da Unión Europea a participación nas probas de habilitación que prevé esta lei non estará suxeita a condicións ou requisitos baseados na nacionalidade.

Os habilitados de nacionalidade estranxeira non-comunitaria poderán tomar parte nos concursos de acceso e, de ser o caso, acceder á función pública docente universitaria, cando no estado da súa nacionalidade aos españois se lles recoñeza aptitude legal para ocupar na docencia universitaria posicións análogas ás dos funcionarios dos corpos docentes universitarios na universidade española.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEGUNDA. Dos profesores asociados conforme ao artigo 105 da Lei xeral de sanidade.

Os profesores asociados con praza e nomeamento que traian causa da epígrafe 2 do artigo 105 da Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, rexeranse polas normas propias dos profesores asociados da universidade, coas peculiaridades que regulamentariamente se estableceren en canto á duración dos seus contratos.

O número de prazas de profesores asociados que se determine nos concertos entre as universidades e as institucións sanitarias non será tomado en consideración para os efectos da porcentaxe que establece o parágrafo segundo da epígrafe 1 do artigo 48.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO TERCEIRA. Da contratación de persoal investigador, científico ou técnico conforme á Lei 13/1986, de 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

As posibilidades de contratación de persoal previstas nesta lei para as universidades públicas enténdense sen prexuízo do establecido no artigo 17 da Lei 13/1986, de 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, na redacción dada pola disposición adicional sétima da Lei 12/2001, de 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO CUARTA. Do Valedor Universitario.

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do Valedor Universitario. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas ao mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

Corresponderalles aos estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación e a duración do seu mandato e a súa dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO QUINTA. Do acceso aos distintos ciclos dos estudos universitarios.

Nas directrices e condicións previstas no artigo 35.1, o Goberno, logo do informe do Consello de Universidades, establecerá as condicións para o paso dun ciclo a outro daqueles en que se estruturan os estudos universitarios de acordo co establecido no artigo 37, así como para o acceso aos distintos ciclos desde ensinanzas ou titulacións universitarias ou non-universitarias que fosen declaradas equivalentes ás universitarias para todos os efectos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEXTA. Dos títulos de especialista para profesionais sanitarios.

Os títulos de especialista para profesionais sanitarios serán expedidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, e regularanse pola súa normativa específica.

Correspóndelle ao Goberno, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte e Sanidade e Consumo, de acordo co previsto nas disposicións da Unión Europea que resulten aplicables, a creación, o cambio de denominación ou a supresión de especialidades e a determinación das condicións para a súa obtención, expedición e homologación.

A disposición adicional décimo novena desta lei resultarlle aplicable á denominación dos devanditos títulos de especialista.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SÉTIMA. Das actividades deportivas das universidades.

Sen contido.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO OITAVA. Das exencións tributarias.

As exencións tributarias a que se refire a presente lei, en canto lles afecten ás universidades situadas en comunidades autónomas que gocen dun réxime tributario foral, adecuaranse ao que se establecer na comunidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO NOVENA. Das denominacións.

1. Só poderá utilizarse a denominación de universidade, ou as propias de centros, ensinanzas, títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e órganos unipersoais de goberno a que se refire esta lei cando sexan autorizadas ou recoñecidas de acordo co disposto nela. Non poderán utilizarse outras denominacións que, polo seu significado, poidan inducir a confusión con aquelas.

2. Declárase a utilidade pública dos nomes de dominio da internet de segundo nivel baixo o dominio *.es* correspondentes ás denominacións a que se refire a epígrafe 1.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMA. Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

No Ministerio de Educación e Ciencia existirá o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Este rexistro terá carácter público e nel inscribíranse, ademais das universidades e centros, os títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional. Poderán inscribirse tamén outros títulos para os efectos informativos que expidan as universidades. O Goberno regulará o seu réxime, a súa organización e o seu funcionamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO PRIMEIRA. Da excepción de clasificación como contratistas ás universidades.

Nos supostos do artigo 83 non lles será esixible a clasificación como contratistas ás universidades para seren adjudicatarias de contratos coas administracións públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO SEGUNDA. Do réxime da Seguridade Social de profesores asociados, visitantes e eméritos.

1. Na aplicación do réxime da Seguridade Social aos profesores asociados e aos profesores visitantes procederáse como segue:

- a. Os que sexan funcionarios públicos suxeitos ao réxime de clases pasivas do Estado continuarán co seu respectivo réxime, sen que proceda a súa alta no réxime xeral da Seguridade Social pola súa condición de profesor/a asociado/a ou visitante.
- b. Os que estean suxeitos ao réxime xeral da Seguridade Social ou a algún réxime especial distinto ao sinalado na epígrafe a) serán alta no réxime xeral da Seguridade Social.
- c. Os que non se atopen suxeitos a ningún réxime de previsión obrigatoria serán alta no réxime xeral da Seguridade Social.

2. Os profesores eméritos non serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO TERCEIRA. Da alta inspección do Estado.

Correspóndelle ao Estado a alta inspección e demais facultades que, conforme ao artigo 149.1.30 da Constitución, lle competen para garantir o cumprimento das súas atribucións en materia de ensino universitario, sen prexuízo das competencias propias das comunidades autónomas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO CUARTA. Da inclusión das persoas con minusvalía nas universidades.

1. As universidades garantirán a igualdade de oportunidades dos estudantes e demais membros da comunidade universitaria con minusvalía, proibirán calquera forma de discriminación e establecerán medidas de acción positiva tendentes a asegurar a súa participación plena e efectiva no ámbito universitario.
2. Os estudantes e os demais membros con minusvalía da comunidade universitaria non poderán ser discriminados por razón da súa minusvalía nin directa nin indirectamente no acceso, o ingreso, a permanencia e o exercicio dos títulos académicos e doutra clase que teñan recoñecidos.
3. As universidades promoverán accións para favorecer que todos os membros da comunidade universitaria que presenten necesidades especiais ou particulares asociadas á minusvalía dispoñan dos medios, apoios e recursos que aseguren a igualdade real e efectiva de oportunidades en relación aos demais compoñentes da comunidade universitaria.
4. Os edificios, as instalacións e as dependencias das universidades, incluídos tamén os espazos virtuais, así como os servizos, os procedementos e a subministración de información, deberán ser accesibles para todas as persoas, de forma que non se lle impida a ningún membro da comunidade universitaria, por razón de minusvalía, o exercicio do seu dereito a ingresar, desprazarse, permanecer, comunicarse, obter información ou outros de análogo significación en condicións reais e efectivas de igualdade.

Os ámbitos universitarios deberán ser accesibles de acordo coas condicións e nos prazos establecidos na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e nas súas disposicións de desenvolvemento.

5. Todos os plans de estudos propostos polas universidades deben ter en conta que a formación en calquera actividade profesional debe realizarse desde o respecto e a promoción dos dereitos humanos e os principios de accesibilidade universal e deseño para todos.

6. Conforme ao establecido no artigo 30 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social das persoas con minusvalía e nas súas normas de desenvolvemento, os estudantes con minusvalía, considerándose por tales aqueles comprendidos no artigo 1.2 da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, terán dereito á exención total das taxas e os prezos públicos nos estudos conducentes á obtención dun título universitario.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO QUINTA. Do acceso á universidade dos maiores de vinte e cinco anos e dos titulados de formación profesional.

1. O Goberno, logo do informe do Consello de Universidades, regulará as condicións básicas para o acceso á universidade dos maiores de vinte e cinco anos que non reúnan os requisitos previstos na epígrafe 2 do artigo 42.
2. Para o acceso directo á universidade dos titulados de formación profesional haberá que aterse ao previsto na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO SEXTA. Da participación do persoal das escalas do Consello Superior de Investigacións Científicas nas comisións de habilitación.

Sen contido.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO SÉTIMA. Da incorporación de profesores doutros niveis educativos á universidade.

O Goberno e as comunidades autónomas fomentarán convenios coas universidades co fin de facilitar a incorporación aos departamentos universitarios dos profesores dos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO OITAVA. Disponibilidades económicas.

O desenvolvemento temporal da implantación das medidas previstas nos artigos 55.3 e 69.2 farase en función das disponibilidades económicas das institucións responsables do ensino universitario.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMA NOVENA. Funcións de titoría.

Sen prexuízo do establecido no artigo 72.3, os profesores de universidades públicas poderán realizar funcións de titoría en universidades non-presenciais públicas ou financiadas maioritariamente por administracións públicas, na forma que se determine regulamentariamente.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. Da constitución do Consello de Coordinación Universitaria.

O Goberno, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, adoptará, nun prazo que non sexa superior aos tres meses da entrada en vigor desta lei, as medidas necesarias para a constitución do Consello de Coordinación Universitaria.

As competencias atribuídas por esta lei ao Consello de Coordinación Universitaria serán exercidas polo actual Consello de Universidades en tanto non se constituía aquel. Unha vez constituído, o Consello de Coordinación Universitaria, no prazo máximo de seis meses, elaborará o seu regulamento. Até a aprobación deste regulamento rexerese polo actual do Consello de Universidades no que non se opoña ao disposto nesta lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Do Claustro universitario, do/a reitor/a e da aprobación dos estatutos das universidades públicas.

1. No prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor da presente lei, cada universidade procederá á constitución do Claustro universitario conforme ao disposto nesta lei para a elaboración dos seus estatutos.

A Xunta de Goberno regulará a composición do devandito claustro e a normativa para a súa elección. No citado claustro, que terá un máximo de trescentos membros, estarán representados os distintos sectores da comunidade universitaria, e o 51% dos seus membros como mínimo serán funcionarios doutores dos corpos docentes universitarios.

Elixido o Claustro universitario, a que se refire o parágrafo primeiro, constituirase un Consello de Goberno provisional de acordo coas previsións da presente lei.

O Claustro universitario elixido elaborará os estatutos, de acordo co procedemento e co réxime de maiorías que estableza, no prazo máximo de nove meses a partir da súa constitución. Transcorrido este prazo sen que a universidade presentase os estatutos para o seu control de legalidade, o Consello de Goberno da comunidade autónoma acordará uns estatutos no prazo máximo de tres meses.

Os claustros das universidades que tiveren que renovarse no período comprendido entre a entrada en vigor da presente lei e a constitución do Claustro universitario poderán permanecer até a devandita constitución.

2. Os reitores que deban ser renovados, por finalización do mandato ou por vacante, no período comprendido entre a entrada en vigor desta lei e a aprobación dos estatutos, serano de conformidade coas previsións do artigo 20, malia que o procedemento, cuxa regulación se lles atribúe no devandito artigo aos estatutos, será establecido pola Xunta de Goberno ou, de ser o caso, polo Consello de Goberno. En calquera caso, o voto

conxunto dos profesores funcionarios doutores dos corpos docentes universitarios terá o valor de, cando menos, o 51% do total do voto a candidaturas validamente emitido pola comunidade universitaria.

3. Os estatutos establecerán as disposicións que regulen a continuidade, de ser o caso, do claustro elixido conforme ao establecido na epígrafe 1, até a súa elección de acordo co disposto nos propios estatutos. Así mesmo, os indicados estatutos disporán a continuidade, de ser o caso, dos respectivos reitores até a finalización do seu mandato conforme aos actuais estatutos, ou a elección de novo/a reitor/a.

4. Até a publicación dos estatutos a que se refire a epígrafe 1, a Xunta de Goberno ou, de ser o caso, o Consello de Goberno da universidade adoptará as normas oportunas para a aplicación do establecido na presente lei en todo aquilo en que os actuais estatutos se opoñan a esta.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Da adaptación das universidades privadas a esta lei.

As universidades privadas actualmente existentes deberán adaptarse ás previsións desta lei no prazo de quince meses desde a súa entrada en vigor.

No entanto, a porcentaxe a que se refire a epígrafe 2 do artigo 72 terá que ser alcanzada no prazo máximo de cinco anos contados desde a data de entrada en vigor desta lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA. Profesores con contrato administrativo LRU.

As persoas que á entrada en vigor da presente lei estean contratadas en universidades públicas como profesoras con contrato administrativo LRU, poderán permanecer na súa mesma situación até a extinción do contrato e da súa eventual renovación, conforme á lexislación que lles viña sendo aplicable.

Non obstante, os ditos contratos poderán ser prorrogados, sen que a súa permanencia nesta situación poida prorrogarse máis de cinco anos despois da entrada en vigor da lei.

Até ese momento, as universidades, logo da solicitude dos interesados, poderán adaptar os seus contratos administrativos vixentes a contratos laborais, sempre que se cumpran os requisitos de cada unha das figuras previstas nesta lei e non supoña minoración da súa dedicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA. Dos actuais profesores asociados.

Sen contido.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA. Dos mestres de taller ou laboratorio e capataces de escolas técnicas.

Os funcionarios do corpo de mestres de taller ou laboratorio e capataces de escolas técnicas declarado en extinción pola disposición transitoria quinta da Lei orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de reforma universitaria, non-integrados dentro do corpo de profesores titulares de escolas universitarias pola Lei 55/1999, de 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, permanecerán no corpo de orixe, sen prexuízo do seu dereito se integrar no devandito corpo de profesores titulares de escolas universitarias, nas súas propias prazas e realizando as mesmas funcións que veñen desenvolvendo, sempre que no prazo de cinco anos desde o 1 de xaneiro de 2000, data da entrada en vigor da Lei 55/1999 citada, reúnan as condicións de titulación esixidas para acceder a el.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SÉTIMA. Dos profesores numerarios de escolas oficiais de náutica.

Os funcionarios do corpo de profesores numerarios de escolas oficiais de náutica, declarado en extinción pola epígrafe 9 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na redacción dada pola Lei 23/1988, de 28 de xullo, que non estean integrados dentro do corpo de profesores titulares de universidade en virtude do establecido na citada lei, quedan integrados nas súas propias prazas, no mencionado corpo, sempre que estiveren en posesión do título de doutor/a, ou cando o obteñan no prazo de cinco anos contados a partir da publicación da presente lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA OITAVA. Da aplicación das normas establecidas para a habilitación e para os concursos de acceso para prover prazas dos corpos de funcionarios docentes.

1. As normas establecidas na sección segunda do capítulo I do título IX para a habilitación e para o acceso a prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios deberán cumprirse en todas as convocatorias que se publiquen a partir da data de publicación desta lei no *Boletín Oficial do Estado*.

Até que se produza a aprobación dos estatutos, a que se refire a epígrafe 1 da disposición transitoria segunda, as actuais xuntas de goberno das universidades adoptarán as medidas necesarias para facer posible a aplicación do establecido no parágrafo anterior.

2. Os concursos cuxas convocatorias fosen publicadas con anterioridade á publicación desta Lei no *Boletín Oficial do Estado* realizaranse conforme ás normas contidas na Lei orgánica 11/1983, de 25 de agosto.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. Derrogación normativa.

1. Queda derogada a Lei orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de reforma universitaria, e en canto manteñan a vixencia, a Lei 8/1983, do 29 de xuño, sobre medidas urxentes en materia de órganos de goberno das universidades; o Decreto 2551/1972, do 21 de xullo, sobre colexios universitarios; e o Decreto 2293/1973, de 17 de agosto, polo cal se regulan as escolas universitarias, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.

Así mesmo, queda derogada a disposición adicional vixésima da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, de 23 de xullo.

2. Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, en tanto se aproban os novos estatutos conformados a esta lei, a Lei orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de reforma universitaria continuará en vigor en canto se refire a órganos de goberno e representación das universidades.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Título competencial.

A presente lei dítase ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado conforme ao artigo 149.1.1, 15, 18 e 30 da Constitución.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Modificación da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

O artigo 105 da Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, queda redactado como segue:

Artigo 105.

1. No marco da planificación asistencial e docente das administracións públicas, o réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias poderá establecer a vinculación de determinadas prazas asistenciais da institución sanitaria con prazas docentes dos corpos de profesores de universidade.

As prazas así vinculadas proveranse por concurso entre aquelas persoas que foren seleccionadas nos concursos de acceso aos correspondentes corpos de funcionarios docentes universitarios, conforme ás normas que lles son propias.

Os que participen nas probas de habilitación, previas aos mencionados concursos, ademais de reuniren os requisitos esixidos nas indicadas normas, acreditarán estar en posesión do título de médico/a especialista ou de farmacéutico/a especialista que proceda e cumprir as esixencias que, en canto á súa cualificación asistencial, se determinaren regulamentariamente. Na primeira das devanditas probas, as comisións deberán valorar os méritos e o historial académico e investigador, así como os propios do labor asistencial dos candidatos, na forma que regulamentariamente se establecer.

Nas comisións que resolvan os mencionados concursos de acceso, dous dos seus membros serán elixidos por sorteo público pola institución sanitaria correspondente.

2. *Os concertos poderán establecer, así mesmo, un número de prazas de profesores asociados que deberán ser cubertas por persoal asistencial que estea a prestar servizos na institución sanitaria concertada. Este número non será tido en conta para os efectos da porcentaxe de contratados que rexe para as universidades públicas. Estes profesores asociados rexeranse polas normas propias dos profesores asociados da universidade coas peculiaridades que regulamentariamente se estableceren en canto ao réxime temporal dos seus contratos. Os estatutos da universidade deberán recoller fórmulas específicas para regular a participación destes profesores nos órganos de goberno da universidade.*

3. *Os concertos establecerán, así mesmo, o número de prazas de axudante e profesor/a axudante doutor/a nas relacións de postos de traballo das universidades públicas, que deberán ser cubertas mediante concursos públicos entre profesionais sanitarios que obtivesen o título de especialista nos tres anos anteriores á convocatoria do concurso.*

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. **Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.**

Correspóndelles ao Goberno e ás comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente lei.

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. **Carácter de lei orgánica desta lei.**

A presente lei ten o carácter de lei orgánica, agás os seguintes preceptos: a epígrafe 1 do artigo 3; as epígrafes 1, 2, 3 e 4 do artigo 4; as epígrafes 1, 2, 3 e 4 do artigo 6, todas elas do título I; os artigos 7, 8, 9 e 10 do capítulo I do título II; o capítulo I do título III; os títulos IV e V; o artigo 36 do título VI; o artigo 41 do título VII; a epígrafe 4 do artigo 46 do título VIII; o capítulo I do título IX; o título X; o título XI; o título XII (agás a epígrafe 2 do artigo 85); o artigo 89 do título XIII; as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta (agás a epígrafe 2), quinta, sexta, sétima, oitava, décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira, décimo cuarta, décimo sexta, décimo sétima, décimo oitava, décimo novena, vixésima, vixésimo primeira, vixésimo segunda, vixésimo sexta e vixésimo sétima; as disposicións transitorias primeira, segunda, cuarta, quinta, sexta, sétima e oitava; e as disposicións finais primeira, segunda, terceira e quinta.

DISPOSICIÓN FINAL QUINTA. **Entrada en vigor.**

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*, salvo as epígrafes 2 e 3 do artigo 42, que entrarán en vigor no momento en que a Lei 30/1974, de 24 de xullo, sobre probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores, colexios universitarios e escolas universitarias, con valor regulamentario en virtude da epígrafe 4 da disposición final cuarta da Lei orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, sexa expresamente derogada. Entre tanto, manterase vixente o actual sistema de acceso aos estudos universitarios.

Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola cal se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades

- Artigo único. Modificación da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Do corpo de catedráticos de escolas universitarias e da integración dos seus membros no corpo de profesores titulares de universidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Do corpo de profesores titulares de escolas universitarias e da integración dos seus membros no corpo de profesores titulares de universidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Dos actuais profesores colaboradores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Programas específicos de axuda.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Referencias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Estatuto do persoal docente ou investigador.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Elaboración de plans destinados a persoas con necesidades especiais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Adaptación de estatutos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Adaptación das universidades privadas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. Dos habilitados.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO PRIMEIRA. Recoñecemento de efectos civís.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEGUNDA. Unidades de igualdade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO TERCEIRA. Tratamentos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO CUARTA. Estatuto do estudante universitario.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO QUINTA. Dereitos adquiridos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEXTA. Proxección exterior das universidades.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SÉTIMA. Dos profesores estables ou permanentes dos centros de titularidade pública de ensinanza superior (INEF), creados con anterioridade á incorporación á universidade dos estudos conducentes ao título oficial en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO OITAVA. Dedución por doazóns a universidades públicas e privadas de entidades sen fins lucrativos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO NOVENA. Compensación de prezos públicos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMA. Dos profesores numerarios de escolas oficiais de náutica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO PRIMEIRA. Protección de datos de carácter persoal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO SEGUNDA. Do observatorio de bolsas e axudas ao estudo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO TERCEIRA. Xubilación voluntaria anticipada.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO CUARTA. Modificación da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. Substitución do sistema de habilitación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Contratación de profesores colaboradores.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Extinción das ensinanzas anteriores.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Modificación da Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Modificación da Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. Modificación da Lei 13/1986, de 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. Modificación do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL QUINTA. Procedemento para avaliar o impacto de diversas medidas establecidas pola presente lei.

DISPOSICIÓN FINAL SEXTA. Título competencial.

DISPOSICIÓN FINAL SÉTIMA. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

DISPOSICIÓN FINAL OITAVA. Carácter de lei orgánica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Do corpo de catedráticos de escolas universitarias e da integración dos seus membros no corpo de profesores titulares de universidade.

A partir da entrada en vigor desta lei, logo da solicitude dirixida ao/á reitor/a da universidade, os funcionarios doutores do corpo de catedráticos de escola universitaria poderán integrarse no corpo de profesores titulares de universidade nas mesmas prazas que ocupen, mantendo todos os seus dereitos, e computándose a data de ingreso no corpo de profesores titulares de universidade que tivesen no corpo de orixe. Aquelas persoas que non soliciten a devandita integración permanecerán na súa situación actual e conservarán a súa plena capacidade docente e investigadora. Así mesmo, poderán presentar a solicitude para obter a acreditación para catedrático/a de universidade prevista no artigo 60.1 desta lei orgánica de universidades.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Do corpo de profesores titulares de escolas universitarias e da integración dos seus membros no corpo de profesores titulares de universidade.

1. Para os efectos do acceso destes profesores ao corpo de profesores titulares de universidade, os profesores titulares de escola universitaria que, á entrada en vigor desta lei, posúan o título de doutor/a ou que o obteñan posteriormente, e se acrediten especificamente no marco do previsto polo artigo 57, accederán directamente ao corpo de profesores titulares de universidade, nas súas propias prazas. Para a acreditación de profesores titulares de escola universitaria valorarase a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia.

2. As universidades establecerán programas tendentes a favorecer que os profesores titulares de escola universitaria poidan compaxinar as súas tarefas docentes coa obtención do título de doutor/a.

3. As persoas que non accedan á condición de profesor/a titular de universidade permanecerán na súa situación actual, mantendo todos os seus dereitos e conservando a súa plena capacidade docente e, de ser o caso, investigadora.

4. Mentres exista profesorado titular de escolas universitarias ou habilitado para a devandita categoría que non estiver acreditado para unha categoría superior, as universidades poderán convocar concursos entre estes para ocupar prazas de titulares de escolas universitarias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Dos actuais profesores colaboradores.

As persoas que á entrada en vigor desta lei estean contratadas como profesores colaboradores conforme á Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, poderán continuar no desempeño das súas funcións docentes e investigadoras.

Así mesmo, as que estean contratadas como colaboradoras con carácter indefinido, posúan o título de doutor/a ou o obteñan tras a entrada en vigor desta lei e reciban a avaliación positiva a que se refire a epígrafe a) do artigo 52, accederán directamente á categoría de profesor/a contratado/a doutor/a nas súas propias prazas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Programas específicos de axuda.

As administracións públicas competentes, en coordinación coas respectivas universidades, establecerán programas específicos para que as vítimas do terrorismo e da violencia de xénero, así como as persoas con minusvalía, poidan recibir a axuda personalizada, os apoios e as adaptacións no réxime docente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Referencias.

Todas as referencias que a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades fai ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte entenderanse substituídas pola referencia ao *ministerio competente en materia de universidades*. Así mesmo, as referencias realizadas ao Consello de Coordinación Universitaria nos artigos 2.5, 4, 43.1, 44, 68.1, 81.3.b e 85.1 e nas disposicións adicionais sétima e oitava da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, entenderanse realizadas á Conferencia Xeral de Política

Universitaria, e as realizadas nos artigos 46.3, 71.2, 86.1 e na disposición adicional vixésimo quinta da mesma lei entenderanse realizadas ao Consello de Universidades.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Estatuto do persoal docente ou investigador.

O Goberno, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, aprobará mediante real decreto o estatuto do persoal docente ou investigador universitario, que incluírá a regulación dunha estrutura de carreira funcional que estea baseada na obtención de méritos docentes ou investigadores, así como as condicións en que os profesores ou investigadores funcionarios universitarios poderán participar na xestión e explotación dos resultados da súa investigación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Elaboración de plans destinados a persoas con necesidades especiais.

As universidades, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, e tras a consulta das organizacións representativas dos respectivos sectores sociais concernidos, elaborarán os plans que lle dean cumprimento ao mandato previsto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, na redacción dada por esta lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Adaptación de estatutos.

As universidades adaptarán os seus estatutos conforme ao disposto na presente lei nun prazo máximo de tres anos.

Até que se produza a adaptación dos estatutos, os consellos de goberno das universidades poderán aprobar a normativa de aplicación que for necesaria para o cumprimento do establecido nesta lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Adaptación das universidades privadas.

1. As universidades privadas e os centros universitarios adscritos deberán adaptar as súas normas de organización e funcionamento ás previsións desta lei que lles afecten no prazo de tres anos desde a súa entrada en vigor.

2. As universidades privadas deberán alcanzar a porcentaxe do 50% e o 60% a que se refire artigo 72.2 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada por esta lei, no prazo máximo de seis anos contado desde a data de entrada en vigor desta lei.

3. O profesorado dos centros privados de ensino universitario adscritos a universidades públicas e o das universidades non-presenciais financiadas maioritariamente por administracións públicas deberá adaptarse ao establecido polo artigo 72 desta lei no prazo máximo de catro anos desde a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. Dos habilitados.

As persoas que resultaren habilitadas conforme á regulación correspondente contida Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e a súa normativa de desenvolvemento entenderase que posúen a acreditación regulada na reforma da devandita lei orgánica realizada por esta lei.

Entenderase que as persoas habilitadas para catedrático/a de escola universitaria o están para profesor/a titular de universidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO PRIMEIRA. Recoñecemento de efectos civís.

O Goberno, por proposta dos ministerios competentes en materia de xustiza e universidades, en aplicación do establecido nos acordos de cooperación entre o Estado e a Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, aprobado pola Lei 24/1992, de 10 de novembro; a Comisión Islámica de España, aprobado pola Lei 26/1992, de 10 de novembro; e a Federación de Comunidades Israelitas de España, aprobado pola Lei 25/1992, de 10 de novembro, regulará as condicións para o recoñecemento de efectos civís dos títulos

académicos relativos a ensinanzas, de nivel universitario, de carácter teolóxico e de formación de ministros de culto, impartidas en centros docentes de nivel superior dependentes das mencionadas entidades relixiosas.

O anterior será extensible ao caso doutros acordos de cooperación que se conclúan no futuro, sempre que neles se recolla esta posibilidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEGUNDA. Unidades de igualdade.

As universidades contarán entre as súas estruturas de organización con unidades de igualdade para o desenvolvemento das funcións relacionadas co principio de igualdade entre mulleres e homes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO TERCEIRA. Tratamentos.

As autoridades universitarias recibirán o tratamento de señor ou señora, seguido da denominación do cargo. Os reitores das universidades recibirán, ademais, o tratamento académico de Reitor/a Magnífico/a.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO CUARTA. Estatuto do estudante universitario.

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o estatuto do estudante universitario previsto no artigo 46.5 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, na redacción dada por esta lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO QUINTA. Dereitos adquiridos.

Os títulos universitarios de diplomado/a universitario/a; arquitecto/a técnico/a; enxeñeiro/a técnico/a; licenciado/a; arquitecto/a e enxeñeiro/a manterán a súa plena vixencia académica e profesional nos mesmos termos en que se estableceron.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEXTA. Proxección exterior das universidades.

Para potenciar a proxección internacional do Sistema Universitario Español e a mobilidade interuniversitaria, e co fin de promover no exterior a oferta educativa e investigadora das universidades españolas, contribuír á mellora da acollida e estada de estudantes, profesores e investigadores estranxeiros en España, e de españois no estranxeiro, e de impulsar o Espazo Europeo de Ensino Superior e o Espazo Iberoamericano do Coñecemento, logo do informe do Consello de universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria, o Goberno autorizará a constitución dunha fundación do sector público estatal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SÉTIMA. Dos profesores estables ou permanentes dos centros de titularidade pública de ensino superior (INEF), creados con anterioridade á incorporación á universidade dos estudos conducentes ao título oficial en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

1. Para os efectos do acceso destes profesores ao corpo de profesores titulares de universidade, os profesores funcionarios numerarios da escala de profesores do INEF de Galicia (Administración xeral, grupo A da Xunta de Galicia) que, á entrada en vigor desta lei, posúan o título de doutor/a ou que o obteñan tras a súa entrada en vigor e se acrediten especificamente no marco do previsto polo artigo 57, accederán directamente ao corpo de profesores titulares de universidade, nas súas propias prazas da Universidade Coruña. Para a acreditación dos profesores funcionarios numerarios da escala de profesores do INEF de Galicia (Administración xeral, grupo A da Xunta de Galicia), valorarase a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia.

As persoas que non accedan á condición de profesor/a titular de universidade permanecerán na súa situación actual, mantendo todos os dereitos e conservando a súa plena capacidade docente e, de ser o caso, investigadora.

2. Para os efectos do acceso dos profesores do INEF de Cataluña ao corpo de profesores titulares de universidade, os profesores que á entrada en vigor desta lei sexan profesores estables ou permanentes nos equipos do INEFC e que no momento da integración dos centros do INEFC nas respectivas universidades

sexan funcionarios do grupo A da Generalitat de Cataluña nos corpos correspondentes, e ademais posúan o título de doutor/a, ou que o obteñan tras a súa entrada en vigor, e se acrediten especificamente no marco do previsto polo artigo 57, accederán directamente ao corpo de profesores titulares de universidade, nas prazas correspondentes na universidade a que cada un dos centros se integrase. Para a acreditación específica dos profesores a que se refire esta epígrafe valorarase a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia.

As persoas que non accedan á condición de profesor/a titular de universidade permanecerán na súa situación actual, mantendo todos os dereitos e conservando a súa plena capacidade docente e, de ser o caso, investigadora.

3. Para os efectos do acceso dos profesores estables ou fixos do INEF de Madrid que permanecen nas súas prazas da Comunidade Autónoma de Madrid ao corpo de profesores titulares de universidade, aqueles que á entrada en vigor desta lei sexan funcionarios do grupo A da Comunidade Autónoma de Madrid nos corpos correspondentes, e ademais posúan o título de doutor/a, ou que o obteñan tras a súa entrada en vigor, e se acrediten especificamente no marco do previsto polo artigo 57, accederán directamente ao corpo de profesores titulares de universidade, nas prazas correspondentes do centro. Para a acreditación específica dos profesores a que se refire esta epígrafe valorarase a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia.

As persoas que non accedan á condición de profesor/a titular de universidade permanecerán na súa situación actual, mantendo todos os seus dereitos e conservando a súa plena capacidade docente e, de ser o caso, investigadora.

4. Para os efectos do acceso dos profesores do INEF de Andalucía e do IVEF do País Vasco que permanecen nas súas prazas xa transferidas respectivamente ás universidades de Granada e do País Vasco, e que posúan o título de doutor/a, ou que o obteñan tras a entrada en vigor da presente lei, poderán solicitar acreditarse especificamente no marco do previsto polo artigo 57. Para a acreditación específica dos profesores a que se refire esta epígrafe valorarase a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia.

As persoas que non accedan á condición de profesor/a titular de universidade permanecerán na súa situación actual, mantendo todos os seus dereitos e conservando a súa plena capacidade docente e, de ser o caso, investigadora.

5. As persoas que, pertencendo ao corpo de profesores titulares de universidade, obtiveren unha praza de carácter estable ou permanente no equipo dalgún dos centros citados nesta disposición adicional con anterioridade á incorporación dos estudos universitarios conducentes ao título oficial de licenciado/a en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ao catálogo de títulos universitarios oficiais, e posúan o título de doutor/a á entrada en vigor desta lei, e quen á entrada en vigor desta lei teña a categoría de catedrático/a do INEF de Cataluña, poderán presentar solicitude para obter a acreditación prevista no artigo 60 da presente lei, para acceder ao corpo de catedráticos de universidade.

As persoas que non soliciten a devandita integración permanecerán na súa situación actual e conservarán a súa plena capacidade docente e investigadora.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO OITAVA. Dedución por doazóns a universidades públicas e privadas de entidades sen fins lucrativos.

1. As porcentaxes de dedución e do límite da base de dedución establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, elevaranse en cinco puntos porcentuais polos donativos e doazóns establecidos no artigo 17 da Lei 49/2002 realizados a favor de universidades públicas e privadas polas entidades sen fins lucrativos a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002 que comunicaran a opción por aplicar o réxime fiscal especial, sempre que esas universidades desenvolvan ensinanzas de doutoramento ou terceiro ciclo de estudos universitarios.

2. As devanditas universidades deberán destinar o importe do donativo ou o ben ou dereito doado a programas de investigación universitaria e doutoramento, o que debe constar na certificación que expidan nos termos establecidos no artigo 24 da Lei 49/2002.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO NOVENA. Compensación de prezos públicos.

Calquera redución de taxas universitarias regulada pola administración competente será compensada anualmente nos orzamentos da universidade mediante transferencias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMA. Dos profesores numerarios de escolas oficiais de náutica.

Aos funcionarios do corpo de profesores numerarios de escolas oficiais de náutica non-integrados no corpo de profesores titulares de universidade seralles de aplicación o disposto na disposición adicional segunda.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO PRIMEIRA. Protección de datos de carácter persoal.

1. O establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, seralle de aplicación ao tratamento e á cesión de datos derivados do disposto nesta lei orgánica.

As universidades deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, o seu tratamento ou o acceso non-autorizados.

2. O Goberno regulará, logo do informe da Axencia Española de Protección de Datos, o contido dos currículos a que se refiren os artigos 57.2 e 62.3.

3. Non será preciso o consentimento dos estudantes para a publicación dos resultados das probas relacionadas coa avaliación dos seus coñecementos e competencias nin dos actos que resulten necesarios para a axeitada realización e o seguimento da devandita avaliación.

4. Igualmente non será preciso o consentimento do persoal das universidades para a publicación dos resultados dos procesos de avaliación da súa actividade docente, investigadora e de xestión realizados pola universidade ou polas axencias ou institucións públicas de avaliación.

5. O Goberno regulará, logo do informe da Axencia Española de Protección de Datos, o contido académico e científico dos currículos dos profesores e investigadores que as universidades e as axencias ou institucións públicas de avaliación académica e científica poden facer público, para o que non será preciso neste caso o consentimento previo dos profesores ou investigadores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO SEGUNDA. Do observatorio de bolsas e axudas ao estudo.

O Goberno, logo do acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello de Universidades, establecerá un observatorio de bolsas e axudas ao estudo. O observatorio elaborará estatísticas e informes que contribúan a mellorar a eficiencia e transparencia do sistema de bolsas e axudas universitarias. No seu funcionamento contarase coa participación dos axentes sociais e dos estudantes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO TERCEIRA. Xubilación voluntaria anticipada.

O Goberno, as comunidades autónomas e as universidades promoverán, no marco do estudo que o Goberno realice e envíe ao Congreso dos Deputados sobre o acceso á xubilación voluntaria anticipada de determinados colectivos, o establecemento de acordos que faciliten a redución paulatina da actividade, unha vez alcanzados os sesenta anos, e a xubilación voluntaria anticipada do persoal das universidades.

O estatuto do persoal docente e investigador previsto na disposición adicional sexta desenvolverá a xubilación voluntaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO CUARTA. Modificación da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

As limitacións establecidas nas epígrafes b) e d) do artigo 12.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas non lles serán de aplicación aos profesores funcionarios dos corpos docentes universitarios cando participen en empresas de base tecnolóxica promovidas pola súa universidade e participadas por esta ou por algún dos entes previstos no artigo 84 desta lei, creadas a partir de patentes ou de resultados xerados por proxectos de investigación realizados en universidades, sempre que exista un acordo explícito do Consello de Goberno da universidade, logo do informe do Consello Social, que permita a creación da devandita empresa.

Neste acordo débese certificar a natureza de base tecnolóxica da empresa, e as prestacións adecuadas a favor da universidade. O Goberno regulará as condicións para a determinación da natureza de base tecnolóxica das empresas a que se refire o parágrafo anterior.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. Substitución do sistema de habilitación.

Até un ano despois da resolución das últimas probas de habilitación convocadas, as universidades poderán decidir a convocatoria de prazas para os corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade mediante concurso de acceso entre habilitados comunicándoo á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, todo iso segundo o disposto no artigo 62 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e a súa normativa de desenvolvemento, que, para estes efectos, ha considerarse vixente.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Contratación de profesores colaboradores.

O Goberno, logo do informe do Consello de Universidades, establecerá regulamentariamente as condicións e os prazos en que, de forma excepcional, as universidades poderán contratar profesores colaboradores entre diplomados, arquitectos técnicos ou enxeñeiros técnicos que, en calquera caso, deberán contar con informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Extinción das ensinanzas anteriores.

Até que o Goberno determine as condicións e a data da definitiva extinción das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos oficiais da ordenación universitaria anterior, as universidades poderán seguir impartindo as devanditas ensinanzas de acordo coa súa normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Modificación da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

O artigo 105 da Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, queda redactado do seguinte modo:

Artigo 105.

1. No marco da planificación asistencial e docente das administracións públicas, o réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias poderá establecer a vinculación de determinadas prazas asistenciais da institución sanitaria con prazas docentes dos corpos de profesores de universidade.

As prazas así vinculadas proveranse por concurso entre aquelas persoas que foren seleccionadas nos concursos de acceso aos correspondentes corpos de funcionarios docentes universitarios, conforme ás normas que lles son propias.

As persoas que participen nas probas de habilitación, previas aos mencionados concursos, ademais de reunir os requisitos esixidos nas indicadas normas, acreditarán estar en posesión do título de médico/a especialista ou de farmacéutico/a especialista que proceda e cumprir as esixencias que, en canto á súa cualificación asistencial, se determinaren regulamentariamente. Na primeira das devanditas probas, as comisións deberán valorar os méritos e o historial académico e investigador e os propios do labor asistencial dos candidatos, na forma que regulamentariamente se establecer.

Nas comisións que resolvan os mencionados concursos de acceso, dous dos seus membros serán elixidos por sorteo público pola institución sanitaria correspondente.

2. Os concertos poderán establecer, así mesmo, un número de prazas de profesores asociados que deberán ser cubertas por persoal asistencial que estea a prestar servizos na institución sanitaria concertada. Este número non será tido en conta para os efectos da porcentaxe de contratados que rexe para as universidades públicas. Estes profesores asociados rexeranse polas normas propias dos profesores asociados da universidade coas peculiaridades que regulamentariamente se estableceren en canto ao réxime temporal dos seus contratos. Os estatutos da universidade deberán recoller fórmulas específicas para regular a participación destes profesores nos órganos de goberno da universidade.

3. Os concertos establecerán, así mesmo, o número de prazas de axudante e profesor/a axudante doutor/a, nas relacións de postos de traballo das universidades públicas, que deberán ser cubertas mediante concursos públicos entre profesionais sanitarios que obtivesen o título de especialista nos tres anos anteriores á convocatoria do concurso.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Modificación da Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

O parágrafo a) da epígrafe 3 do artigo 20 da Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, queda redactado do seguinte modo:

- a. Os residentes realizarán o programa formativo da especialidade con dedicación a tempo completo. A formación mediante residencia será incompatible con calquera outra actividade profesional. Tamén será incompatible con calquera actividade formativa, sempre que esta se desenvolva dentro da xornada laboral da relación laboral especial do/a residente.*

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. Modificación da Lei 13/1986, de 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

1. Engádeselle ao parágrafo quinto da letra b) da epígrafe 1 do artigo 17 da Lei 13/1986, de 14 de abril, de fomento e coordinación xeral de a investigación científica e técnica, a seguinte frase:

As situacións de incapacidade temporal, maternidade e adopción ou acollemento durante o período de duración do contrato, interromperán o seu cómputo.

2. Engádeselle ao artigo 17 da Lei 13/1986, de 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, unha epígrafe 3 coa seguinte redacción:

3. Sen prexuízo do previsto nas epígrafes anteriores, as universidades públicas, as axencias estatais de investigación e os centros públicos de investigación non-estatais, así como as institucións sen ánimo de lucro que realicen actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, poderán, logo de convocatoria pública, garantindo os principios de igualdade, mérito e capacidade, conforme á lexislación aplicable e ás súas normas de organización e funcionamento, e en función das súas necesidades de persoal e de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, asinar contratos con carácter indefinido e dedicación a tempo completo cos investigadores que foren contratados conforme ás previsións da letra b) da epígrafe 1 e que no desenvolvemento da súa actividade superasen con criterios de excelencia a avaliación correspondente. A finalidade do contrato será realizar as funcións da institución e prioritariamente tarefas de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. Modificación do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Súmase un nova epígrafe 2.bis ao artigo 74 da Lei reguladora das facendas locais, coa seguinte redacción:

2 bis. Os concellos, mediante ordenanza, poderán regular unha bonificación de até o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles de organismos públicos de investigación e os de ensino universitario.

DISPOSICIÓN FINAL QUINTA. Procedemento para avaliar o impacto de diversas medidas establecidas pola presente lei.

Dous anos despois da entrada en vigor da presente lei, o Goberno presentará no Congreso dos Deputados un estudo para avaliar o impacto das modificacións incorporadas pola presente lei en relación a:

1. O outorgamento de excedencias de profesores funcionarios de corpos docentes universitarios para se incorporaren a empresas de base tecnolóxica, a que se refire o artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.
2. A participación de profesores funcionarios dos corpos docentes universitarios en empresas de base tecnolóxica de acordo co que establece a disposición adicional vixésimo cuarta da presente lei.

DISPOSICIÓN FINAL SEXTA. Título competencial.

Esta lei dítase ao abeiro das competencias que lle corresponden ao Estado conforme ao artigo 149.1.1, 15, 18 e 30 da Constitución.

DISPOSICIÓN FINAL SÉTIMA. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

1. Correspóndelles ao Goberno e ás comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.
2. No prazo máximo de catro meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o regulamento polo cal se regula a práctica da acreditación e os concursos de acceso regulados nos artigos 57 e seguintes da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, na redacción efectuada por esta lei.

DISPOSICIÓN FINAL OITAVA. Carácter de lei orgánica.

Teñen o carácter de lei orgánica as epígrafes 8, 25, 30, 31, 32, 34, 35, 37, 38, 43, 45, 46, 47, 74 e 75; os artigos 87 e 88 da epígrafe 81; o artigo 86, 90 e 91 do artigo único, así como as disposicións adicionais novena e vixésima primeira e esta disposición final. Os demais preceptos non teñen carácter orgánico.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar esta lei orgánica.

Madrid, 12 de abril de 2007.

Juan Carlos R.

O presidente do Goberno,

José Luis Rodríguez Zapatero.